

Manuel Ferreiro

DE BREOGÁN AOS PINOS
O TEXTO DO HIMNO GALEGO

EDICIÓNS LAIOVENTO

2007

Primeira edición: 1996 (Laivento, ed. non venal)
Segunda edición: 1997 (Laivento, col. Breviarios)
Terceira edición: xuño de 2007 (Libr. Couceiro, ed. non venal)

© Manuel Ferreiro
© 2007, Edicións Laivento, S.L.
Apdo. 43 / Bertamiráns / 15220 Ames / Galiza / U.E.
Teléfono: + 34 981 887 570
Correo electrónico: laivento@laivento.com
Local na Rede: [//www.laivento.com](http://www.laivento.com)

I.S.B.N.: 978-84-8487-132-0
Depósito Legal: C 4238-2007

Impreso por Gráficas Sementeira, S.A. / Noia / Galiza
Impreso en papel ecolóxico

Este libro non poderá ser reproducido, nin total
nin parcialmente, calquera que for o medio empregado,
sen o permiso previo do editor. Reservados todos os dereitos.

LIMIAR

Esta nova versión, corrixida e substancialmente ampliada, de *De Breogán aos Pinos. O texto do Himno Galego* mantén o propósito que xa nos movía hai máis dunha década (1996): o afán de restaurar, co necesario rigor filolóxico, a integridade textual dun poema tan senlleiro, ao tempo que recuperar un texto transcendental, concibido como unha chamada á necesaria redención da nación galega no decorrer histórico do movemento rexenerador da Galiza e dos galegos.

A pesar da permanente e real preocupación de Eduardo Pondal polo futuro da súa obra, que el ideaba, compuña e publicaba como persoal contributo á redención nacional (“os cantos eran da patria, / entusiasmo os escribira...”), a alteración e a manipulación textual da súa poesía foi unha constante case desde o momento da súa aparición¹, afectando tanto á publicación *post-mortem* da súa lírica como á produción inédita (lírica e épica), legada testamentariamente á Academia Galega, institución en que participou desde o mesmo momento da súa fundación, mais que, polo difícil decorrer da súa existencia, sumida durante tantos anos na “ruda adversidade urxente”, non puido atender compridamente a manda do poeta.

E, se a traizón ao espírito e á letra da obra dos nosos devanceiros é un feito negativo *per se*, no caso do Himno Galego, a degradación textual é máis onerosa por canto afecta a un texto fundamental dentro da nosa cultura polo valor de singular transcendencia de que se dota no conxunto dos símbolos que nos identifican colectivamente como galegos e galegas.

Aquel estudo, pois, fora escrito cun propósito ben determinado: a descrición do proceso de composición e difusión inicial d’*Os Pinos* e a (re)afirmación e confirmación do texto orixinal do Himno. É certo que o proceso do seu nacemento era coñecido nos seus elementos fundamentais desde había algúns anos, mais coa documentación recuperada na institución académica en 1995, que continuou no ano 2000 co achado d’*Os*

1 Véxase a nosa “Introdución” á edición de *Queixumes dos pinos* (vid. nota 9), especialmente as pp. IX-X.

Eoas e que parece ter concluído en 2003², agora pode deseñarse aínda máis pormenorizadamente a xeración do poema *Os Pinos* e, por tanto, do Himno Galego: a recuperación desta importantísima documentación permite fixar os diversos estratos de redacción coas múltiples redaccións manuscritas, ao tempo que, por un lado, as cartas proporcionan os datos necesarios para comprender o proceso e, por outro lado, as noticias escritas iluminan o camiño da consolidación do Himno.

Cando en 1996 apareceu a primeira edición desta investigación, con reedicións e modificacións en 1997 e 2007 (xuño), en que se confirmaba o texto inicial d'*Os Pinos*, publicado en 1890, como texto verdadeiro do que se converteu máis adiante en Himno nacional galego, a repercusión pública e institucional foi moi relevante porque mostraba a posibilidade (e a necesidade) de restauración da integridade do texto hímnico que deveu oficial en 1984.

De feito, no 26 de maio de 1996, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da súa deputada María Pilar García Negro, solicita á Mesa do Parlamento a constitución dunha ponencia conxunta “que estude e propoña as correccións precisas na letra do Himno de Galiza recollida na lei 5/1984, de símbolos de Galiza”. Neste mesmo ano, iniciou os seus traballos a tal ponencia, presidida por D. Victorino Núñez, Presidente, naquela altura, do Parlamento galego. Quen subscribe, o día 9 de setembro de 1996, foi un dos comparecentes a pedimento parlamentario (Isaac Díaz Pardo, Xosé Neira Vilas, Xesús Alonso Montero, Amado Ricón, Fernando López-Acuña... foron outros dos comparecentes).

Rematada, en 1997, a IV lexislatura, non se chegou a resolución sobre o tema. Retomada a cuestión polo mesmo Grupo Parlamentar e pola mesma deputada, en 2001 foi aprobada unha Proposición non de Lei, por unanimidade do Pleno do Parlamento, en que se instaba a restaurar a letra fidedigna do

2 Coa aparición de novos materiais, entre eles moitas redaccións previas d'*Os Pinos*. Sobre as dificultades da investigación pondaliana, vid. M. Ferreiro, “A investigación sobre Pondal e o achamento d'*Os Eoas*. Memoria persoal dunha pesquisa”, *Grial*, nº 171, xullo-agosto-setembro, 2006, pp. 38-49.

Himno e a facer cumprir e divulgar a Lei 5/1984. En 2002, o Presidente do Parlamento solicita informes técnicos sobre a materia a quen subscribe e mais á Real Academia Galega e ao Consello da Cultura Galega. Non habendo ditame positivo para a reforma da Lei 5/1984, esta ficou intocada. E a situación segue a ser a mesma, continuando institucionalmente vixente o texto oficializado en 1984.

Neste contexto, é grato, por tanto, presentar ao público xeral un texto que poida contribuír á rehabilitación da nosa memoria histórica: sería un ben colectivo restaurar o verdadeiro texto do Himno, porque, independentemente das conviccións e gustos persoais ou da opinión e crenzas dalgunhas institucións, foi Eduardo Pondal quen escribiu que o pobo galego é un “valeroso clan” en loita cos “ignorantes e férridos e duros”..., e non foi o pobo quen alterou ou “adaptou” naturalmente o texto pondaliano.

NA PROCURA DUN HIMNO NACIONAL GALEGO

No proceso de recuperación e formación da consciencia nacional galega no período contemporáneo, a necesidade dun himno nacional era sentida e debatida desde mediados do século XIX nos ambientes máis conscientes do nacionalismo galego.

Xa no Certame musical de Pontevedra, con motivo da Exposición Rexional (1880), resultou premiado un Himno, con letra de Andrés Muruais e música do compositor pontevedrés Felipe Paz Carbajal. Mais non foi esta nin a primeira nin a derradeira tentativa de creación dun himno galego, xa que existe constancia de que o poema *Casta dos celtas* de Alfredo Brañas (con música de Luís Taibo García), así como o *¡Galicia!* (1893) de Galo Salinas (con música de J. Varela Silvari) —“felizmente esquecido” en palabras de Ricardo Carballo Calero—, tamén foran propostos, entre varios outros, para cubrir unha necesidade que se sentía como urxente na recomposición simbólica da nacionalidade galega.

Estas, e outras, propostas reapareceron fundamentalmente no momento da polémica que se produciu no ano 1925³ acerca da pertinencia do texto pondaliano como Himno Galego, criticado en xeral nos ambientes antigalegos por razóns diversas, que van desde a alusión ao seu escaso espírito marcial até á crítica do seu excesivo ton reivindicativo.

3 Esta polémica, que ten extenso tratamento na prensa menos galeguista da época, xa fora anticipada en 1915 por F[rancisco] C[amba] (vid. “El himno gallego”, *Vida Gallega*, Vigo, vol. V, 30-1-1915), aínda que neste caso as súas palabras mereceron unha nota da Redacción da revista en defensa da figura de Xosé Fontenla Leal. En 1925, F. Portela Pérez retoma a ‘cuestión do Himno’ (vid. “El himno gallego”, *Acción Gallega*, Buenos Aires, nº 52, Febreiro 1925), que reaparecerá teimosamente noutras publicacións periódicas galegas. Véxase, como exemplo, o seu reflexo nas páxinas da revista viguesa *Vida Gallega*: F. Portela Pérez, “El himno gallego” (nº 271, 5-3-1925); Varela Silvari, “El himno gallego” (nº 272, 20-3-1925); Galo Salinas Rodríguez, “El himno de Galicia” (nº 276, 15-5-1925); Plácido P. Castro del Río, “El himno gallego” (nº 281, 25-7-1925); o debate tamén tivo amplo eco no *Faro de Vigo*, ao longo dos meses de marzo, abril e maio deste mesmo ano de 1925. E en termos moi despectivos, nunha liña radicalmente antigaleguista, xa aparecera “La política del gallego y de los himnos galicianos”, en J. Mouriño Estévez, *De literatura galaica* (volumen encadernado por Cándido Valentín, Valladolid, s.d.), pp. 207-215, onde se realiza unha feroz crítica da cuestión himnica e do texto pondaliano.

Mais a personalidade e función simbólica de Eduardo Pondal Abente como Poeta galego por excelencia (sobre todo despois da morte de Curros Enríquez, con Rosalía prematuramente falecida xa en 1885) e as propias cualidades do seu texto, así como o prestixio da música de Pascual Veiga, popular por ser o autor da *Alborada*, contribuíron, sen dúbida, ao éxito definitivo das catro estrofas iniciais d’*Os Pinos* como himno, asumido desde o principio do século XX por todo o galeguismo (tanto político como cultural), rexeitando as publicacións ligadas ao nacionalismo calquera outra posibilidade alternativa e mantendo firmemente un símbolo que xa era popular na Galiza e mais nas comunidades do exterior:

Parecenos todo eso ganas de perdel-o tempo ou de lles inflar o fol aos que pretenden de cote desprestixiar canto con Galicia ou o que lle é mais querido se relaciona.

O Himno Galego que se adoutou, que se consagrou repetidas veces cō respecto do pobo enteiro que o escoita en pe e descuberto sempre que se canta ou que algunha música o executa, non pode ser mudado. Os que pretenden rebaixalo ou desprestixialo, serán tachados de malos galegos⁴.

⁴ Cf. Xavier Fraga, “O Himno Galego”, *A Nosa Terra*, nº 210, 1º de Marzo 1925, p. 4.

A XÉNESE D'OS *PINOS* COMO HIMNO GALEGO (HISTORIA DO TEXTO)

A secuencia de feitos que se poden establecer firmemente a partir do coñecemento de todos os documentos conservados até o momento, xunto cos que foron aparecendo desde 1995, lévanos, máis unha vez, a reafirmar inevitabelmente a figura do músico mindoniense Pascual Veiga como o verdadeiro promotor e artífice da creación do Himno.

A PROCURA DO TEXTO

O primeiro paso foi a petición, por parte de Pascual Veiga, dun texto poético axeitado a Eduardo Pondal, figura sobranceira, na altura de 1890, na poesía galega, e que exerce como Bardo no seo do movemento protonacionalista. De feito, Pondal tiña un grande protagonismo poético após a morte de Rosalía en 1885, tamén polo feito de Curros traballar durante períodos ben delongados en Madrid, antes da súa marcha á Habana en 1894.

A solicitude inicial de Pascual Veiga di así:

SOCIEDAD CORAL
ORFEON CORUÑES
Nº 4

Señor Dn. Eduardo Pondal

Muy señor mío: a la sociedad coral «Orfeón Coruñés nº 4», que me honro presidir, le ha sido confiada la misión de celebrar un certamen musical en el próximo mes de Agosto.

5 As cartas de Pascual Veiga dirixidas a Eduardo Pondal, custodiadas durante moitos anos no Arquivo Parga Pondal (actualmente na RAG), xa foron previamente editadas por Amado Ricón Virulegio ("Origen y sentido del himno gallego", *Boletín de la Real Academia Gallega*, La Coruña, nº 356, diciembre de 1974, pp. 51-55), por B. Cores Trasmonte (*Los Símbolos Gallegos*, Santiago, 1986, pp. 148-150) e por M. Ferreiro, *Pondal: do dandysmo á loucura (Biografía e correspondéncia)*, Santiago de Compostela, Laidvento, 1991, pp. 160-163. Todas as cartas que citaremos consérvanse na Real Academia Galega (en adiante, RAG); para maior facilidade de lectura, na súa transcrición, actualizaremos a acentuación e as grafías <b, v>, modificando puntualmente a puntuación, cando for necesario.

La comisión organizadora acordó conceder un premio al mejor himno regional gallego que sea la expresión fiel del espíritu de esta región, con objeto de que a manera de la Marcha Real, Marsellesa, ect., sea cantado en toda Galicia con el entusiasmo que despierta en el ánimo el Sentimiento de la patria.

Ahora bien: dada la condición de ser para cantada dicha marcha, se hace necesario una letra y nadie mejor que V., ilustre e inspirado vate, puede cumplir las aspiraciones que abrigamos: no dudando que el que tan admirablemente ha sabido cantar las bellezas de la región gallega, y siente latir su pecho de entusiasmo por el adelantamiento y progreso de nuestra pequeña patria, habrá de coadyuvar con su inspiración poderosa a la realización de nuestro proyecto componiendo unas sencillas estrofitas que sean como un suspiro regional.

Reciba V. pues por anticipado mi más profundo agradecimiento, a la par que la seguridad de la más distinguida consideración con que soy de V. afmo. seg^o. serr. y admirador q. b. s. m. Pascual Veiga [rubricado].

S/C Puerta de Aires 13-2^o.

Non coñecemos a data exacta da petición, mais, tendo en conta a frecuencia das restantes cartas e a rapidez que mostra Eduardo Pondal nas correccións do poema, esta carta podería datar do mes de febreiro de 1890 ou, en calquera caso, de principios de marzo, prazo prudente para a composición do texto, que foi moi rápida (“escribir el himno que me pide, fue, por decirlo así, cosa de un momento”, dille máis adiante, en 5 de abril, Pondal a Veiga, cf. *infra*).

Eduardo Pondal acepta, obviamente, o encargo e inicia o proceso horaciano de escrita do poema. E como acontece con moitas outras composicións pondalianas de que se conservan redaccións previas, tamén *Os Pinos* mostra numerosas tentativas de redacción que evidencian a evolución do proceso creativo nun poeta que meditaba profundamente os textos, que os refacía, pulía e traballaba nunha especie de neurose creativa

que o levaba a modificar decote a súa produción, nomeadamente antes da súa publicación⁶.

UN INTENTO FRACASADO?

Talvez o primeiro intento de redacción sexa o que aparece nunha elaboración manuscrita coñecida xa antes de 1995, pois formaba parte dos escasísimos materiais que a institución académica tiña catalogados en relación ao emblemático texto, se cadra pola coincidencia no título⁷. Sen desbotarmos a posibilidade de que a redacción sexa realmente allea ao texto do Himno, neste ensaio, certamente inacabado⁸, xa se anuncia o título definitivo do poema e mais o *leit-motiv* dos pinos, aínda que a métrica (vacilante e ben distante da final) e mais o desenvolvemento, conectado coa composición «Cando os duros machados» (QP 76)⁹ de *Queixumes dos Pinos*, un dos poemas dedicados aos Mártires de Carral, aínda están moi lonxe da súa formulación definitiva¹⁰:

6 Ponal mesmo reconece nunha nota manuscrita (RAG), significativamente titulada “El estilo es el éxito”, a necesidade do traballo permanente na creación poética: “El éxito de todos los grandes poetas (Camões, Tasso, Ariosto, Milton, Byron) estriba todo en la elocución (*Ermenéias* de los griegos) y en el constante arte y *artificio* elegante.

No desconocemos, no obstante, que los nobles pensamientos ¿influyen? mucho. No desconocemos su parte.

Todo eso que se dice de espontaneidad y salir de un tirón lo que se escribe..., es grande ignorancia.

Todo es una brega, y {todo} parto laborioso, y esfuerzo obstinado y *enragé* en la colocación de las palabras”.

7 Xuntamente con outras catro papeletas, da mesma medida (130x104 mm.), que presentaban unha redacción da primeira estrofa e tres concorrentes da derradeira do terceiro estrato redaccional (vid. Ic e mais Xa, Xb, Xc, *infra*).

8 Como a inmensa maioría dos autógrafos pondalianos, as papeletas proceden da división sucesiva dun papel de maiores dimensións, polo que as súas medidas son irregulares.

9 As citas da obra de Eduardo Ponal son feitas a partir da edición da súa *Poesía Galega Completa* por Manuel Ferreiro en Edicións Sotelo Blanco (Santiago de Compostela), coas siglas QP (= *Queixumes dos pinos*), PI (= Poemas Impresos), PM (= Poemas Manuscritos), PA (= Poemas Apógrafos), E (= *Os Eoas*): Eduardo Ponal, *Poesía Galega Completa*. Vol. I. *Queixumes dos pinos* (1995). Vol. II. *Poemas Impresos* (2001). Vol. III. *Poemas Manuscritos* (2002). Vol. IV. *Os Eoas* (2005).

10 Na transcripción do texto utilizamos un corpo menor de letra para indicar as correccións posteriores entreliñadas na primeira versión. Como norma xeral, na transcripción dos manuscritos pondalianos, utilizamos as seguintes convencións: os colchetes ([...]) indican acrescentamentos nosos, mais con puntos representan fragmentos que non fomos capaces de interpretar; aquilo que vai indicado entre parénteses angulares (<...>) indica a primeira versión despois corrixida e reescrita polo poeta; as

Os Pinos

airosísimos
esbeltísimos
Dous pinos formosísimos s'ergueron
gallardísimos
Da Ponteceso sobr'o agreste clam
Sua eda viviron; mas os dous caeron
Viviron o seu tempo; ... mas caeran
Combatidos do rápido huracán

esparcendo
Caeron; mas suas grayas esparceron
Sobre o fecundo chan
D'aquelas grayas foran renacendo
Sete pinos magníficos naceron,
E suas costas ergueron
Outros pinos gentís foron nacendo
Que movía con gracia o vento soan
Movidas do armonioso vento soan.
Que soaban muy ben co vento soan

Eran sete e gentís e armoniosos
N'un grupo s'apiñaban con afán;
Esbeltos coma os ¿pais? e grandiosos
Somellantes a raza de Breogan.

Cando bellos e pracidos fungaban
Combatidos dos ventos con afán
As gentes que pasaban os miraban
Cal movidos do vento ¿e van?
con gracia

chaves (...) indican elementos entreliaados; as barras verticais (|) marcan o cambio de liña, mentres as barras inclinadas (/) indican cambio de verso; finalmente, as palabras riscadas e subliñadas polo poeta son recollidas textualmente. Nas variantes de textos manuscritos d'Os *Eoas*, a indicación *r* acompaña o texto riscado, mentres que *A*, *B*... e *a*, *b*... indica a posición entreliaada, superior ou inferior, dunha nova redacción a respecto do texto inicial.

AS REDACCIÓNS PREVIAS

Entre a documentación progresivamente recuperada na institución académica, entre 1995 e 2003, existen múltiples testemuños de diversas redaccións previas ao primeiro texto enviado polo poeta ao responsábel musical do Himno, Pascual Veiga. Sen dúbida, todas estas redaccións son dun período cronolóxico moi breve –dous meses–, mais polo desenvolvemento textual poden determinarse diversos estratos redaccionais sucesivos, confirmados polas diversas medidas das papeletas.

O primeiro estrato

Sen dúbida, a primeira aproximación á redacción da composición é a constituída por un primeiro boceto que chegou a nós a través dunha papeleta¹¹ inicial, aparecida cos materiais de 1995, que mostra un proxecto poemático, relativamente afín á versión final, mais aínda extremadamente confuso e vacilante. Porén, xa comeza coa pregunta inicial aos piñeiros, que pervivirá en todas as versións, e continúa cun desenvolvemento (“glosa” ou “letra”) onde o “céltico clan”, a “raza de Breogán” está chamada a ser “misterioso atamento / e forte ligamento” coas comunidades ibero-americanas, para alén de chamar ao combate aos “bos fillos do Luso”, que están “apartados” dos “antigos eidos”: federalismo, iberismo e o destino da Galiza como lazo unificador, tal como Pondal canta en diversos momentos da súa obra e moi especialmente en QP 45. A relación deste estrato redaccional co poema central de *Queixumes dos Pinos* é evidente, tanto pola coincidencia temático-ideolóxica como pola intertextualidade estilístico-formal na formulación dunha liña de pensamento poético-político que explicita a misión da Galiza con relación a España e Portugal e mais a Latino-América, xunto con claras referencias á conquista americana e a *Os Eoas*.

11 De 135x210 mm.

[1] = [1r-1v]

[r]¹² Estribillo

Que murmuran os pinos	Da lua refulgente,
Na sua ruda pendente	O pracido fulgor
Que dicen os pinos	
Da ruda pendente,	
Con eco gemente,	
A luz do luar	
Da lua o fulgor;?	
Que din das gigantes	
Das copas erguidas,	
Os tristes queixumes	
Dos rudos arumes	
¿Arpados?	
verdes	
roucos	
Con vago fungar	
bruar	

Glosa | Letra
-Boandanza, saude,

O ferroento
De misterioso afan

Das suas ¿abo? lorigas
E fulgentes lorigas
 gidas
Raza de Breogan

12 En vertical, pola dereita, aparece a seguinte anotación: *Aspiraciones vagas de redención y futura gloria.*

E do céltico clan:
Misterioso atamento
E forte ligamento
Raza de Breogan
E do disperso gando
 ¿rabadan?
 van
 Tourñan
 chan

[v] E o son dos altos pinos
Murmura os teus destinos,
Raza de Breogan.

De maneira que venza
Do tempo o rudo encono,
Desperta do teu sono,
Raza de Breogan

T<S>uas ¿veigas? saudosas
Misteriosas suidades
Quezais redimiran
 memoranzas
 memoranzas
 recordanzas

Chamo o rudo combate
Os bos fillos do Luso
Que dos antigos eidos
~~Espallados~~ están;
Apartados
Chama... _____
Serve de rica bando
 ponte
Chama o disperso gando
Raza de Breogan

O vento q'as esquivas
E altas uces cortaba,
E a graciōsa e curva
Praya de Barrañan

Un desenvolvemento máis completo das ideas fundamentais contidas neste boceto aparece nun grupo de papeletas aparecidas en 2003, todas da mesma medida, a que sumamos outras tres das recuperadas no ano 2000, mais que deben ser restos desta redacción (vid. 3b, 4a, 6c)¹³. Na procura dunha ordenación lóxica das diferentes versións e papeletas¹⁴, o primeiro eixo temático pode ser o que contén a invocación aos galegos, á “gente de Breogán” chamada a cumprir os ideais “ibéricos”, recollendo fielmente, na maior parte das súas redaccións, o inicio de QP 45:

Boandanza, saúde,
raza de Breogán,
teus groriosos destinos,
certo, é doce agoirar... (vv. 1-4).

Un segundo grupo de elaboracións mostran o Pondal obsesionado por *Os Eoas*, coa conquista do continente americano como destino histórico conseguido polo “genio” dos galegos. A continuación, existe un terceiro grupo en que aparece o chamamento á unión ibérica por medio da “áurea ponte” que atraerá a boa Lusitania para a futura Iberia comandada por Galiza. E a teor das redaccións de que dispomos, semella que a parte final do conxunto é a constatación, fronte ao glorioso destino futuro da terra de Breogán, a realidade da necesaria rendición galega no presente (“Mas a terra dos celtas / Jaz aínda irredenta”):

13 As primeiras papeletas miden c. 110x160 mm., fronte ás outras tres, de c. 115x170 mm.

14 Neste estrato, tan afastado aínda das derradeiras versións, numeramos os fragmentos cunha orde hipotética, indicando con letras (a, b, c...) as diversas redaccións concorrentes.

[2a] = [2r]

A selva antiga:¹⁵
 Benandanz[a], saude,
 Raza
~~Gente valente e ruda~~
 valente e generosa
 Raza forte e baruda Robusta e belicosa
 Raza de Breogan: Raza de Breogan
 DOs deseos ibéricos
 As ansias inmortales
 E novos ideales
 En ti se cumpriran

[2b] = [3r]

Teus bellos ideales
 Certo se cumpriran

[2c] = [4r]

Benandanza, saude
 Forte e baruda gente
 De Breogan, valente
 E denodado clam
 Dos boos fillos dos celtas
~~Das armas relucentes~~
 Ardidos e rutilantes
 e constantes
 En todo forte afan:

 Cal pinos arrogantes
 Altos e rutilantes
 Cal a estrela do soan

15 Na primeira versión de QP 45 en 1885, publicada no folleto *Gandreiras*, o poema tiña unha introdución poética en que o texto aparecía como profecía dunha fada; estas palabras iniciais foron suprimidas da versión definitiva en *Queixumes*, en 1886. Agora reaparece a mesma estrutura, sendo o desenvolvemento poemático a “profecía” da “selva antiga”, isto é, os rumorosos interrogados na estrofa inicial d’Os *Pinos*. Por outra parte, nótese como o poeta recupera *benandanza*, rexistrada na edición de QP 45 en 1885, escolla lexical modificada para *boandanza* en 1886.

[2d] = [5r]

Benandanza, saude
Baruda e forte gente
Bando forte e valente
Da terra de Breogan
sobre a
Que ~~levas sobre~~ a frente levas
Do Véspero radioso
esplendor misterioso?
O sello esplendoroso
brillo
E misterioso afan;

[2e] = [6r]

Benandanza, saude,
Gente de Breogan
Teus futuros de[s]tinos
He doce contemplar;
Os teus heroes que fono,
Contemprandote estan
Desperta do teu sono
Raza de Breogan.

[2f] = [7r]

Fillos das vagas brétomas
Gallegos boos e rudos,
Ben trabados, barudos,
Q'un ideal sentís;
Que na patria península,
Pinos d'ousado porte...,
Os huracans do norte,
Primeiros resistís.

[2g] = [8r]

Gallegos, raza forte	
Raza recia	Raza esforzada e ruda
Ben trabada e baruda	Denodada e baruda
Que do ceo recibis	Que medo non sentis

En orden de batalla
Recios de contextura
En rudeza criada
Robres d'excelso porte
Que do huracan do norte
A forza resistis
 furia recibís

E lazo vigoroso
Q'o Luso espacioso
Hacia ti traera

[3a] = [9r]

Tí despregando un dia
As fortunadas lonas
As ponentinas zonas
Feliz arribarás [sic]
E con amor profundo
Un bello e novo mundo
Do Ocaso evocarás

[3b] = [10r]

O gran descubrimento
[.....]
Tua gloria será;
Un bello bastimento
Suas alas tenderá
E do almo sol os berces
Por tí descubrirá

Todo fui maravilla
D'aquel teu bastimento
Q'o gran descubrimento

[3c] = [11r]¹⁶

audaz
Un bello bastimento
prodigioso
Un leño ~~maravil~~loso
Nado no eido vosa [sic]
No futuro saldra
Q'un fillo teu ardido
Con valor sin segundo
Un bello e novo mundo
Do Ocaso evocará
dirigira
profundo
Audaz e novo mundo
O genio descubrira
levara
D'un fillo voso ardido,
Grande e mal conocido
Q'o Ocaso librara
ignoto abordará

[3d] = [12r]¹⁷

Das tuas selvas magicas
Un bello bastimento

E un fillo teu ardido

Feliz conducirá
E un fillo teu ardido
O
O Oriente co Ponente
Por sempre ajuntar[á]

[3e] = [13r]

Como o justo e fervent[e]
Ao morto dixo: ...Surge!

16 A letra desta papeleta é algo máis descoidada e confusa.

17 Esta papeleta presenta unha letra aínda máis deficiente que a anterior.

Q'a sua voz resurge
Da grande escuridá;
Tal a voz poderosa
Do teu ¿nauta? profundo
Un bello e noto mundo
Maravilloso mundo
Do abisma [sic] surgirá
 Ocaso
 ignoto

[3f] = [14r]

Como o justo e valente
 fervente
A Lazaro: ... Sal fora!
Lle dix[o] e aterradora
Fugidia escuridá;
Tal con voz poderosa
Do teu nauta profundo
Maravilloso mundo
Do ignoto evocará
Como o ynclito e vidente
C'unha voz memoranda
Dixo: ... Levanta e anda
Ao tolleito, en verdá;

[4a] = [15r]

A boa Lusitania
Plo teu constante afan
Che tende os caros brazos

E os destinos ibericos
En ti se cumprirán.

[4b] = [16r]

 nobre
Ti serás aurea ponte,
Lazo forte serás,

Q'o boo eido lusitano
O espaciOSO clam,
Os<E os> boos fillos de Luso
En lazo fraternal
E os boos pobos ibericos
En un constringira

[4c] = [17r]

Tí rica ponte e magica
 gracioso
E columa [sic] e soporte
Pra que tanto soporte
 a gloria
E lazo bello e forte
Algún tempo serás;
Q'a boa Lusitania,
Cos sonorosos soes
 inmortales
Do robusto Camoes
A Iberia atraeras

[4d] = [18r]

Tí seras áurea ponte
D'arcos boos e radiantes
Q'os eidos verdexantes
Do boo Luso unirás;
E non seran juzgados
Os teus soños quimericos
E os boos eidos ibericos
En un constringiras

[5] = [19r]

Pobo que vas ¿cantando?
O Vespero radioso
Q'un mundo misterioso
A Colon anunciou
Tempo vira q'a llama

Do luceiro fulgente
Alumbre a tua frente
Q'un mais aló pensou

[6a] = [20r]

Como ~~tris~~ a triste Niobe
A boa patria chorosa
Sintindo a ausencia vosa
Verase esmorecer
 mente
Mas vos no voso peito frente
Voso ideal sintindo
Fortes irées [sic] cumprindo
O voso gran deber
 rudo
Dos fortes o deber.

[6b] = [21r]

Como a triste Niobe
A vosa nai chorosa

[6c] = [22r]

~~Espan~~ dos celtas
Galicia, nai chorosa
Seus fillos peregrinos,
Os seus fillos dispersos,
¿Numera? con afan;
E pr'a q'un tempo cumbran
Os seus grandes destinos
Os seus fillos
Con grande fe os evoca
Ao glorioso calán [sic]

[7] = [23r]

Mas a terra dos celtas
Jaz ainda irredenta
A ruda Cenicienta

Devora o seu baldon;
A sua servidume
En silencio devora
Mas non stá longe a hora
Da sua redenzan [sic].

O segundo estrato

O segundo grupo de redaccións manuscritas apareceu, xunto con variada documentación pondaliana e a versión definitiva d'Os *Eoas*, entre os materiais recuperados na RAG no ano 2003; a estas redaccións temos de acrescentar dúas papeletas máis (Ia, Ic), dos materiais do ano 2000, que, significativamente, presentan as mesmas medidas (c. 110x160 mm.). Encabezada por unha papeleta en que só aparece “Vision futura da Raza. | Profecía do Bardo”, especie de síntese temática do poema, agora a escrita do texto avanza ao longo de vinte papeletas na dirección final, aproximándose gradualmente á formulación definitiva, de modo que os diversos fragmentos xa poden ser filiados en relación ás sete estrofas da primeira versión do Himno enviada por Pondal a Pascual Veiga¹⁸. De todos os xeitos, aparece agora unha posíbel oitava estrofa nesta versión que non chegou a coallar inicialmente, fronte á segunda e definitiva versión de nove estrofas do Prospecto do Certame Musical.

[Ia] = [1r]

a rugente
Sobre da ruda costa
Do Atlantico mar
Está o armonioso
Pinal de Breogan;
O gran pinal dos celtas,
E c'unha voz fatal
E asi ¿decian? fungando
Con un vago fungar:

18 A partir de agora, identificamos os fragmentos cunha dupla referencia: o número romano indica estrofa e a letra marca as sucesivas redaccións concorrentes da mesma estrofa ou fragmento.

[Ib] = [2r]

Con rouco murmurio
No canle montesio,
Os pinos de Gundar?
Que din co duro vento,
Seus arpados arumes?
Seus pungentes queixumes
E seu vago fungar?
xordo

[Ic] = [3r]

O Poeta:
Que dín os rumorosos
Na costa verdecente,
Ao rayo transparente
Do pracido luar?
Que din as altas copas
Co seu rudo cordage?
Que din co seu salvage
Monótono fungar?

[II] = [4r]

Os Pinos Vision e profecía do Bardo
Do teu verdor cingida
De brétomas cingida
E de benignos astros,
De teus sagrados
~~Terra dos verdes castros;~~
E valeroso clan;
Non dés a esquecemento
héroes
Teus ilustres que fono;
Desperta do teu sono,
Fogar de Breogan
Raza

[IIIa] = [5r]¹⁹

He boo fillo dos celtas,
forte e
E de condicion boa,
S'oi o vento que soa
No dolmen de Curvan;
se
Mas he rudo e mezquino
Nosos cantos n'atende
Certo ese non comprende
Os pinos de Breogan

Certo ~~Ese~~ he fillo dos celtas
Se ceiba un pranto brando
Ante o dolmen pasando
Do valente Curvan
Mas n'he fillo dos celtas
Aquel que non atende
Aquel que non comprende
Os pinos de Breogan

[IIIb] = [6r]

Os boos e generosos
Voso rumor comprenden,
E con arroubo entenden
O voso rouco son;
Mas solo os ignorantes
E ferridos e duros,
E imbéciles e escuros,
No-nos compren[den], non

[IVa] = [7r]

Os tempos son chegados
Dos bardos das edades,
Q'as vosas ansiedades

19 A segunda parte da redacción presenta peor letra.

Cumprimento terán;
a ¿fe?
Pois donde quer justicia
A sua trompa ¿ben?
Por donde quer pregoa
A redenzon da boa
Terra de Breogan

[IVb] = [8r]

Os tempos son chegados
Dos bardos das edades,
Q'as vosas vaguedades
Cumprido fin teran;
Pois donde quer q' o verbo
Da vosa terra soa,
A redenzon pregoa
Da gente de Breogan
raza
eido

[Va] = [9r]

Os teus fillos dispersos
Plo rudo continente

Peregrinando van

[Vb] = [10r]

Teus fillos numerosos

Este mundo
Por sempre poboarán
E
Os seu[s] pobos gigantes
atraeran

[Vc] = [11r]

Os teus fillos barudos
Duros e inquebrantabres

Forte[s] e innumerabres
Coma as areas do mar,
Ou como a multitude
De pleyade estelar,

[Vd] = [12r]

Os teus fillos que levan
O Vespero na frente,
Q'os incrina de ¿ponente?
Con misterioso afan,
D'ideal misterioso
Ao ponente levados,
Seguen d'escuros fados
Por misteriosos fados
Hacia o ponente van

[Ve] = [13r]

Tua prole numerosa
Cal espacio estelar
Cal area infinita
 o mundo ¿infinito?
Das areas do mar
Po-los polos do Ocaso
Alongandose vai
Que ligara da patria
 os estraños
O eido de Breogan
Cos eidos

[Vf] = [14r]

Teus fillos numeros[os]
Animosos, errantes
Por paises distantes
Iran con penas mil;
¿Boos? iran atraendo
Mas os fados adversos,
Os seus hirman[s] dispers[os]
Ao ibero redil

[Vg] = [15r]

Teus fillos numerosos
Po-las terras distantes
Saudosos errantes
Peregrinando iran;
Cheos de mil suspiros
De grandes ansiedade[s]
De pungentes suidad[es]
Dos eidos de Breogan

[VIa] = [16r]

Ti a boa Lusitania
En un abrazo forte
A ibera comun sorte
Por sempre atraerás
Tí con robustos lazos
D'amor
Con fortes atamentos
Para sempre atarás

[VIb] = [17r]

A boa Lusitania
En un abrazo forte
Quer unir sua sorte
Unirá sua
A oste de Breogan
Porque ve que lle tendes
Os teus amantes brazos
E n'un[s] robustos lazos
Vosas gentes seran
Os boos pobos ibericos
En un ajuntaras

[VIc] = [18r]

A boa Lusitania
Che tende os boos e amigos
Brazos d'hirman[s] antigos
Con fraternal afan;

Cumpre tí os mandatos
Dos teus soantes pinos,
E teus altos destinos,
Raza de Breogan

[VII] = [19r]

Fragor de duras armas
¿Filla do eido voso?
Fragor da terra verde
Fragor da terra vosa
Do eido belicoso
Encenda [sic] a raza briosa
D'Ousinde e de Froxan;
Tal q'alo dos xustillos
Cintas de cortos veos
Garridos mal constreitos
Tremar os doces seos
Faga tremar os peitos
Tembrar d'amor os peitos
Das filla[s] de Breogan.

[VIII] = [20r]

Gallegos! Sede fortes
Unidos, ben constreito[s];
Aparellade os peitos
A belicoso afan;
As vosas rutilantes
Armas, aparellade;
E os eidos libertade
Da terra de Breogan.

O terceiro estrato

Outro conxunto de papeletas²⁰, recuperadas xunto c'Os *Eoas* no ano 2000 na Real Academia Galega, mostra o proceso de aproximación á primeira versión enviada polo poeta a Pascual

20 Todas de c. 104x130 mm., agás unha de 114x161 mm.

Veiga. Neste estrato incluímos tamén unha redacción da primeira estrofa (Ic) e tres da última (Xa, Xb, Xc), contidas en catro pa-
peletas que historicamente formaban conxunto coa versión que
xulgamos fracasada e que eran coñecidas antes da aparición da
restante documentación: o desenvolvemento temático-estilístico
aconsella agrupalas coas anteriores, moi lonxe de constituír un
“novo poema pondaliano”, tal como foi interpretado e editado
en 1970 (vid. *infra*).

Por outra parte, a presente redacción contén unhas estrofas
finais (que numeramos como VIII, IX e X) que non foron incor-
poradas á versión de sete estrofas inicialmente enviada a
Pascual Veiga, aínda que foron reaproveitadas para a versión fi-
nalmente publicada de nove estrofas. A versión Xe ten, ade-
mais, a particularidade de ser unha redacción correspondente á
décima oitava acrescentada postumamente no poema.

[Ia] = [1r]

Que din os rumorosos
Nos seus rudos acentos
Movidos dos violentos
Sopros do vento soan?
O que din escuitemos
Eles s'estan queixando
Soando e murmurando
Cousas de Breogan

De Camões e de Curvan²¹
D'Ousinde e de

[Ib] = [2r]

Que din os rumorosos
Cos seus rudos concertos?
Curvados pl'os violentos
Sopros do vento soan?
O que din nos ouzamos:
escuitemos

21 Este verso pode corresponder á estrofa VI.

Eles se dobregando
brandeando
Co vento, e murmurando,
Asi decindo estan: ...

[Ic] = [3r]

1ª Os Pinos

¿Que din os rumorosos
Q'aos celtas, forte gente,
Somellan, na pendente
Donde bruando estan?
O que din escuitémos
Nos seu rudos languages,
Esas arpas salvages
Dos eidos de Breogan.

[Id] = [4r]

din ouh rumorosos
Que ~~dicen rumorosos~~
Vosos grandes acentos
DCon impetu violento
~~Combatidos dos ventos~~
Do rudo vento soan
Ouh pinos de Brumar?
Asi comprende o bardo
O bardo vagabundo
Dos celtas
O voso son profundo
O voso alto fungar
Baixo os sopros violentos
Curvados cos violentos
Sopros do vento soan?
Que din vosos concentos
Co rudo vento soan?
Co rapido huracan

[Ie] = [1v]

Os Pinos 1ª
Que din os rumorosos
Na costa verdecente
Ao rayo transparente
Do práci[d]o luar?
 comprende o bardo
Así o bardo comprende
Dos celtas vagabundo
O sentido profundo
 sonido
Do voso alto fungar

[IIa] = [2r]

–Do teu verdor cingido
Eterno, e amigos astros,
Terra dos verdes castros
E generoso clan
Non des a esquecemento
As tuas glorias que fono
Desperta do teu sono
Eido de Breogan

[IIb] = [1v]

–Do teu verdor cingida,
E de benignos astros,
Terra dos verdes castros
 memorable
E celebrado clan,

[IIc] = [5r]

Os combates que fono,
Desperta do teu sono
Raza de Breogan

[IIIa] = [6r]

nas nosas arpas
cal rudas
Cando co vento estala
D'eolico cordage
Noso rudo ramage
Cal ardido cordage
Con sublime language
Soa o noso ramage
Nas horas do seran,...
Nada entenden os necios;
Mas os que ben atenden
entenden
Nos nosos sons comprenden
As ánsias de Breogan
Soamos con son salvage

[IIIb] = [5r]

Os boos e generosos
A nosa voz entenden
E con arroubo atenden
O noso rouco son;
Mas solo os ignorantes

[IV] = [5r]

É donde quer soémos
A nosa voz pregoa
A redenzon da boa
~~Gente~~ de Breogan
Terra

[V] = [5r]

E d'oprobioso alcume
Gente de Breogan

[VIa] = [6r]

A boa Lusitania
Tende os brazos amigos,

Aos boos berces antigos
De Camões e Curvan
Ti cumpre os vagos soños
as ensoñanzas
con afan
Tí cumpre ~~as vaguedades~~
Dos teus soantes pinos
D'uns magicos destinos
Gente de Breogan
Raza

[VIb] = [7r]

Aos teus eidos antigos
Con ardoroso afan;
Tú cumpre as vaguedades
~~E alo nos seus garridos~~

[VII] = [7r]

E aló nos seus garridos
Xustillos, ben constreitos

[VIII] = [4r]

Mas os robustos ecos
Que recordan ardidos
Os ~~grandiosos~~ sonidos
belicos
Das arpas de Breogan

[IX] = [4r]

Con un acento brando
Que non escuitaran;
Mas c'un acento forte
Sublime e parecido
O intrepido sonido
Das armas de Breogan

[Xa] = [8r]

Os Pinos (última)
Justos ceos! Sostéde
 celtas
Os bravos q'a millares,
Por terras e por mares
Peregrinando van;
Facede que se cumbran
Nos fortes peregrinos,
 celtas
Os futuros destinos
Da raza de Breogan
 gente
Dos fillos
ó
Sostede nos Combates
E nas contrarias sortes
 diversas
Sostede os boos e fortes
Fillos de Breogán.

[Xb] = [9r]

Otra ultima Os pinos
 Librade
Justos ceos!... Aunade
Os boos celtas dispersos,
De destinos adversos
E de pungente afan;
Facéde que se cumbran
Nos fortes peregrinos
Os futuros destinos
Da raza de Breogan.

[Xc] = [10r]

Os Pinos. Otra ultima
Os boos fillos do Luso
 divinos
Nos vosos sons, ouh pinos,

Leen os<dos> seus destinos
Con ardoroso afan;
Lén nos
E nos rudos acentos
Do robusto Camoes,
Do vate lusitano
Os sonoros soes
No verbo soberano
Dos fillos de Breogan
Do verbo de Breogan

[Xd] = [11r]

Fillos dos nobres celtas
Gallegos boos e rudos
Dos celtas boos e rudos
Sede sempre
Mostradevos barudos
Luitade con afan;
Que diga a bella Cuba,
Que digan todas gentes: ...
Estes son os valentes
Fillos de Breogan.

[Xe] = [12r]

Gallegos, sede fortes
Prontos a fortes feitos
Aparellade os peitos
A todo grande afan;
Oponde os rudos peitos
A todo rudo afan;

Fillos dos nobres celtas,
Fortes e peregrinos,
Luitade pl'os destinos
Da ~~terra~~ de Breogan
 eidos
Luitade de Breogan.

As redaccións manuscritas Ic e mais Xa-Xb-Xc deste estrato de redaccións foron convertidas por Amado Ricón nun “novo” poema e despois incorporado ao corpus da lírica pondaliana nun proceso acrítico de acumulación permanente de novos textos que, en grande parte, son elaboracións previas ou bocetos inacabados²². Para alén de importantes erros de lectura e interpretación (3: somellan] semellan; 5: escuitemos] escutemos; 6: linguages] languages; 10: ouh] oh; 11: leen os seus] len os outos; 17: justos] juntos; etc.), prescínlese das significativas indicacións *última* e *otra última* e refaíse, como tantas veces aconteceu, o texto pondaliano:

¿Qué din os rumorosos
 Q’aos celtas, forte gente,
 Semellan, na pendente
 Donde bruando están?
 5 O que din escutemos
 Nos seus rudos languages,
 Esas arpas salvages
 Dos eidos de Breogán.

Os bóos fillos do Luso
 10 Nos vosos sons, ¡oh pinos!,
 Len os outos destinos
 Con ardoroso afán;
 Len nos rudos acentos
 Do vate lusitano,
 15 No verbo soberano
 Dos fillos de Breogán.

Juntos, ¡Ceos!, sostede
 Ós celtas q’a millares,
 Por terras e por mares
 20 Peregrinando van;
 Facede que se cumbran
 Nos fortes peregrinos,
 Os futuros destinos
 Da raza de Breogán.

22 Vid. Eduardo Pondal, *Novos poemas*. Limiar, trascrición e notas de Amado Ricón, Vigo, Galaxia, pp. 48-49.

O último estrato

Finalmente, entre os papeis recuperados en 1995, xunto coa versión primeira enviada a Pascual Veiga apareceron desenvolvementos previos inmediatamente anteriores a esa versión reducida de sete estrofas, contidos en tres papeletas da mesma medida que a que contén o boceto inicial da primeira redacción²³.

[I] = [1r]

Que din os rumorosos
 Na sua ruda pendente
 gigante
 O resprandor dormente
 Que din ~~os altos pinos~~
 Na sua ruda pendente,
 O rayo trasparente
~~Da sua refulgente~~
 luar?
 Do pracido ~~fulgor?~~
 que din doces aires
 vagos
 Que din cos aires das altas copas
 ¿Con? mil tristes queixumes,
 Cheas de mil queixumes
 Os arpados arumes
 rouco
 Con un doce fungar?
 No seu rouco fungar

[II] = [1r]

–De verdura cingida
 E de benignos astros,
 Terra dos verdes castros,
 E do céltico clam:

²³ Vid. nota 11. Nas redaccións que seguen, clasificamos os fragmentos por estrofas, aínda que aparezan na mesma papeleta.

escura
Non esquezas imbele
Da injuria indigna
~~Do tempo~~ o rudo encono;
Desperta do teu sono,
Filla de Breogan

[III] = [3v]

 Todol'os generosos
 que
 Nos cantos atenden;
 Ese certo
E ~~todos ben~~ comprenden,
 O noso rouco son;
 Mas aqueles ignavos
 Avarentos e duros
 Priguizosos e escuros,
 Non'o comprenden, non.
 Eses n'o entenden, non.

[IV] = [1r]

 Os tempos son chegados,
 Q'auguráno as edades;
 Q'as tuas vagueidades,
 Cumprimento terán;
Pois Donde ~~queren~~ triste
 gigante
 Nos murmullos soa,
 A libertá da boa
 Terra de Breogan

[Va] = [1v]

 Dos oprobiosos ferros
 indigna
 A dura pesadume;
 longa
 grande
 E dos amados eidos
 A escura servedume,

Da sua frente ¿arrinque?,
 O ignominioso alcume,
 Raza de Breogan.

Dos servios<esfor> esforzados,
 Os pesmas sonorosos,²⁴
 Dos
 Os cantos valerosos,

[Vb] = [2r]

fillos vagorosos
 Os teus dispersos fillos
 En que fero honor late

~~Quebranta os duros ferros~~
 Aparta _____
 D'<Da> escura servidume;
 frente

Da nobre frente arranca
 O<D'> ignominioso alcume,
 A glorioso combate,
 Aprestandose van
 por ti mesma
 Se valerosa e libre,
 Se libre ~~o~~
~~o sello [.....]~~
~~Da nobre frente~~ arranca,
 D'indígna servidume;
 E d'oprobios alcume,
 Terra de Breogan.

[VI] = [2r]

A boa Lusitania
~~Os boos fillos de Luso~~

24 Os *pesmas* son cantos populares serbios de tipo épico-lírico, en que se revive a constante loita de Serbia contra os Turcos. Estes cantos tornáronse célebres literariamente a partir da colección publicada (1814-1833) polo erudito Stefanovic Karadzic, considerada o punto de partida da literatura nacional serbia.

~~Trabade un lazo forte~~
Vosos brazos tendede,
Que voso auxilio pede,
ferroento
un pungente
Con ~~amoroso~~ afan
¿armonioso?
os roucos cantos
Cumpride ~~a vontade~~
as vaguedades
Dos vosos altos pinos,
D'uns gloriosos destinos,
Fillos de Breogan.

[VIIa] = [3r]

Sagrado amor da patria,
Estremece d'amores
Con misterioso afan
Dos ledos e garridos
Justillos mal constreitos,
Das nosas ~~doees~~ fillas
virges ~~puras~~
Os amorosos peitos

[VIIb] = [3v]

Amor da terra verde
~~Sagrado~~ amor da patria
Da verde terra nosa
~~Ergue e gente piadosa~~
A raza ergue groriosa
Esforza
+ Encende a generosa
+ ~~Abrasa a saúdosa~~
D'Ousinde e de Froxan
Prole
~~Terra~~ de Breogan
E alo nos seus garridos

~~Dos ledos e garridos~~
Justillos, mal constreitos
doces
~~Das nosas virges fillas~~
puras
raparigas
Os amorosos peitos,
~~Cheos de doce afan~~
Con un glorioso afan
misterioso
Das fillas de Breogan

[VIII] = [3r]

Cando, oh patria, os teus pinos,
Somellan os teus pinos
recordas
axordas
concordas
acordas
O rápido huracan
De misteriosas arpas
Cal das arpas dos bardos
As sonoras cordas
branden
O gente de Breogan.
Que pasando estremece
O rapido huracan

A PRIMEIRA VERSIÓN

No día 5 de abril de 1890, acabada definitivamente a primeira versión (necesariamente provisoria) do poema, Eduardo Pondal contéstalle ao músico, mostrando a súa disposición para colaborar en tan “levantado propósito” e explicitando as súas conviccións iberistas²⁵:

25 Esta ideoloxía iberista explica a carta enviada por Eduardo Pondal a *Vida Gallega* en 1909, con motivo da polémica sobre a bandeira galega (vid. M. Ferreiro, *Pondal: do dandyismo á loucura...*, op. cit., p. 223).

Sr. Dn. Pascual Veiga.

Puente-Ceso, 5 de | Abril de 1890

Muy señor mío: recibir su atenta, y escribir el himno que me pide, fue, por decirlo así, cosa de un momento.

Obrero ha tiempo consagrado a la noble causa de la redención de nuestra tierra, no puedo [1v] negarme, no, a contribuir a la consecución de tan levantado propósito, en la medida de mis escasas fuerzas; y desearía que esas breves estrofas, que tengo la satisfacción de remitirle, estuviesen animadas, no del exiguo calor de mi pobre fantasía, sino del más digno y poderoso ardimiento, de modo que encendiera los ánimos de nuestro buen pueblo gallego. [2r]

Excuso advertir a V. que esas estrofas aspiran sólo a despertar en nuestros paisanos las nobles ideas de un bien entendido *regionalismo*; pero de ningún modo a promover el *separatismo*, pues que soy acérrimo partidario de la unidad e integridad de nuestra grande y gloriosa España. [2v]

Deseando nuevos triunfos (que los alcanzará, pues le dirige un maestro distinguido) al orfeón n° 4, queda de V. muy atº. S. S. Q. B. S. M., Eduardo Pondal [rubricado]²⁶.

26 O borrador, conservado na RAG (nunha papeleta de 135x105 mm.) e aparecido en 1995, permítenos coñecer todos os matices da resposta do poeta da Ponteceso (no caso de existiren varios entreliañamentos, sinalados con chaves, estes aparecerán indicados con letras): “Obrero ha tiempo consagrado a la noble ¿accion? | de la redencion de nuestra tierra, no | puedo negarme, no a contribuir a | la consecución de tan ¿noble proposito? | [en la medida de mis esca] | sas fuerzas; y ¿decision?

Muy señor, recibir su | atenta [fecha...], y [pode[r]] escribir el himno | que me encargo fué por | decirlo así, ~~todo uno~~ [cosa de un momento].

Obrero ha tiempo con | sagrado a la redencion | de nuestra *pequeña patria*, | no puedo negarme, no | a contribuir a la obra de ¿su redencion? | a poner por ella ~~es~~ | [{.....}] que | ~~fuerzo~~ [en accion] mis escasas | fuerzas; y desde luego | le remito esas breves [estrofas] | que tengo la satisfacion de remitir | que desearia estuviesen | animadas [dotadas,] [.....] [no del exiguo ¿ardor? de no] | sino del mas digno y poderoso extro | [y de noble] extro [.....] [{.....}] a [{.....}] b y poderosos de modo | que encendieran los corazon | de nuestro buen pueblo [~~nuestra~~ ~~(buena)~~ ~~patria~~] gallego.

Con un saludo | afectuoso a toda esa | juventud que forma | el Orfeon n° 4, vea | [v.] V. en que otra cosa | servirle, este su ¿mas? | atento S S Q B S M.

Deseando nuevos triunfos (que los alcanza | ra, pues le dirige un maestro | distinguido) al orfeon n° 4, | queda de V. muy atº S S.

Excuso advertir a V. | que estas estrofas aspiran | solo a despertar en nuestros | paisanos las nobles ideas | de un bien entendido re | gionalismo; | pero de | nin-

No espolio documental da RAG tamén se conserva unha copia autógrafa do texto que, sen dúbida, foi a primeira versión do Himno enviada por Eduardo Pondal, xa que responde perfectamente aos problemas rítmicos detectados por Pascual Veiga, así como ao número de estrofas que, máis tarde, se verá acrescentado na publicación definitiva con outras dúas (vid. *infra*).

Agás no referente ao título, o texto xa presenta todas as características do final, incluídas as métricas: oitava aguda (abbe':cdde'), caracterizada por ser agudo o 4º e 8º versos, utilizada fundamentalmente no neoclasicismo español²⁷.

Trátase dun grupo de cinco papeis (270x210 mm.), dobrados, formando, por tanto, un “folleto” de 10 páxinas, cuxas medidas se reducen á metade do total²⁸:

[0] = [1r]	Himno á Galicia	
[0] = [3r]	Breogán. (1)	
[I] = [4r]	Que din os rumorosos, Na sua ruda pendente, Ó resprandor dormente, Do pracido luar? Que din das altas copas, Cheas de mil queixumes, Os arpados arumes, No seu doce fungar?	5
[II] = [5r]	–De verdura cingida, E de benígnos astros,	10

gun modo a pro-|~~para~~ (mover) el *separatismo*; | pues que soy acérrimo | partidario de unidad | e integridad de nues|tra ~~grande~~ {noble} y ~~generosa~~ {gloriosa} | España”.

27 Curiosamente, este mesmo metro xa fora utilizado noutras propostas hímnicas, como na de Andrés Muruais, por exemplo. Outros metros semellantes poden verse en PI 39 e PM 102.

28 Non sabemos con seguranza se esta versión é a devolta por Veiga a Pondal, ou se é unha copia desa mesma versión. En todo o caso, trátase dun manuscrito reaproveitado, tanto para as correccións do propio poema como para outras notas, como mostra o feito de que en 8r aparezan tres versos d'Os *Eoas* e en 10r, de novo, *Breogán*.

	Terra dos verdes castros, E do céltico clán; Non esquezas escura, Da injuria o rudo encono; Desperta do teu sono, Filla de Breogán.	15
[III] = [5v]	Tódol'os generosos, Nosos cantos entenden; E docemente atenden, O noso rouco son: Mas aqueles ignaros, Avarentos e duros, Preguizosos e escuros No-nos entenden, non.	20
[IV] = [6r]	Os tempos son chegados, Q'auguráno as edades; Q'as tuas vaguedades, Cumprimento terán; Pois donde quer gigante Noso murmullo soa A redencion da boa Terra de Breogán.	25 30
[V] = [6v]	Teus fillos vagorosos, En quen fero honor late A glorioso combate Aprestandose van: Sé por ti mesma libre D'indígna servidume, E d'oprobioso alcume, Filla de Breogan.	35 40
[VI] = [7r]	Á boa Lusitania, Vosos brazos tendéde; Pois voso auxilio pede, Con un pungente afan;	

	Cumpríde as vaguedades	45
	Dos vosos altos pinos,	
	D'uns gloriosos destinos,	
	Fillos de Breogán.	
[VII] = [7v]	Amor da terra verde	
	Da verde terra nosa;	50
	Ergue a raza gloriosa,	
	D'Ousinde e de Froxán;	
	E aló nos seus garridos	
	Justillos, mal constreitos,	
	Os amorosos peitos,	55
	Das fillas de Breogán!	

(1) Antíguo caudillo de los celtas gallegos.²⁹

Eduardo Pondal [rubricado]

Pascual Veiga, satisfeito en xeral co texto pondaliano, en carta de 7 de abril, solicita mudanzas no poema por razóns rítmicas, certamente comprensíbeis no proceso de composición musical dun himno sobre un texto poético:

ORFEÓN CORUÑÉS Nº 4
 COMISIÓN ORGANIZADORA
 DEL
 CERTAMEN MUSICAL
 LA CORUÑA 7 de Abril de 1890

Sr. D. Eduardo Pondal

Muy Sr. mío y respetable amigo:

He recibido con su atenta grata del 5 sus hermosas estrofas, y me apresuro a enviarle las gracias más expresivas, tanto por su pronta y fina atención en satisfacer mis deseos,

²⁹ Recolocamos esta aclaración, que no orixinal aparece en 3r.

cuanto por su esquisita amabilidad por los conceptos favorables que su citada misiva encierra, para esta Sociedad.

Quisiera, sin embargo, abusando de su confianza, tuviese la bondad de hacer unas pequeñas correcciones en lo que respecta a la acentuación, puesto que se trata de una poesía lírica y esta clase de composiciones exigen una simetría perfecta en los acentos, para que el ritmo musical se incruste, digámosle así, en la letra, a fin de que aparezca ésta sin quebrantamiento alguno en su forma gramatical.

Así es que se amoldaría perfectamente que la primera cuarteta se compusiera de la siguiente forma: los tres primeros versos exactamente iguales al 1º que empieza

“Que din ôs rumorosos”

y el cuarto tal como está, o sea,

“Do prácido luar”.

Más claro, si a V. le parece, por ejemplo:

La-ra-rí-ra la-ra-rí-ra³⁰

la-rá-ra la-ra-rá-ra

la-rí-ra la-ra-rá-ra

la-rá-ra la-ra-rá

y de igual forma las demás cuartetas; puesto que aunque la música no cojerá más que dos octavas, no obstante puede V. estenderse hasta seis u ocho para que pueda repetirse aquélla.

Bien comprendo que con mis observaciones le seré a V. altamente molesto, pero en el deseo de que la obra tenga el lucimiento posible tanto para el poeta como para el maestro compositor, de ahí la causa de ellas.

Y anticipando a V. nuevamente gracias por este señalado favor, me reitero suyo siempre affmo. s. s. q. b. s. m. Pascual Veiga [rubricado].

AS MODIFICAÇÕES RÍTMICAS E TEXTUAIS

A resposta de Pondal a Veiga tarda unha semana, con certeza dedicada a introducir as modificacións solicitadas por Veiga

30 Obviamente, Pascual Veiga sofreu un lapso ao reproducir ritmicamente a estrutura do primeiro verso do Himno. Debería aparecer como *La-rí-ra la-ra-rí-ra*.

canto á colocación de acentos, para alén de acrecentar dúas estrofas máis, como mostra o texto publicado no Certame³¹:

Sr. Dn. Pascual Veiga.

Puente-Ceso, 14 de Abril de 1890.

Muy señor mío y de mi mayor consideración: por mucho que sus observaciones estrechen no poco {la} libertad rítmica del poeta, no obstante, allá {va} eso, con los acentos colocados en donde V. indica, y con el aditamento de [1v] dos estrofas más.

Celebraría que ahora encajasen bien en la turquesa del pentágrama.

De V. muy atº. S. S. Q. B. S. M. Eduardo Pondal [rubricado].

Así pois, Pondal, atento ás suxestións de Veiga, comeza o proceso de modificación do texto primitivo, sempre suxeitándose ás indicacións do autor da *Alborada*.

Posibelmente, os primeiros cambios sexan aqueles realizados sobre o texto da primeira versión de sete estrofas, como indican os acentos circunflexos colocados sobre a vogal da segunda sílaba tónica naqueles versos en que esta era átona³². De todos os xeitos, esta foi a versión penúltima do texto do poema, con redacción aínda vacilante das estrofas VIII e IX nas dúas últimas páxinas do manuscrito (8r, 9v):

31 Tamén neste caso dispomos doutro borrador, conservado na RAG (nunha papeleta de 105 x 135 mm.):

“Muy señor mío:

Por mucho ~~que la colo~~ ~~(las correcciones)~~ (sus observaciones) | ~~cacion~~ | ~~(hecha)~~ | nueva colocacion de | los acentos ~~¿torturan?~~ (estrechan) no poco | la libertad [rítmica] del poeta, | no obstante, alla va eso | con los acentos colocados | en donde V. indica.

~~Si se~~ (Si a pesar de todo) tropieza V. | con alguna que otra | pequeña dificultad le auto | rizo ~~a V. I.~~ desde desde | luego para que pueda | ¿remomoverla ~~(a su gusto)~~ como tenga? | por conveniente ¿aunque? | entiendo que no | ~~creo que ahora~~ no lo ¿habra? | menester. Se repite de V. | muy atº S S Q B S”.

32 Reproducimos o texto inicial (vid. *supra*) en negra, para salientar as correccións posteriores, sempre escritas a lapis.

[0] = [1r] **Himno á Galicia**

[0] = [2r] **Himno á Galicia**

[0] = [3r] **Bregán. (1)**

[I] = [4r] **Que din os rumorosos,**
Na costa verdecente
 rapida
Na suâ ruda pendente,
 rayo
 rayo trasparente
Ó resprandor dormente,
Do pracido luar?
 nas negras
Que din das altas copas,
Os<De> flebiles
Cheâs de mil queixumes,
 sonidos
Os ârpados arumes,
 pungidos
No seu doce fungar?

[II] = [5r] Os Pinos

 boo
 teu verdor
 ¿voz? gentil
-Do<e> vêrdura cingida,
E de benígnos astros,
Confín dos verdes castros
¿Erim?
Terrâ dos verdes castros,
Redil
 saudoso
E do céltico clán;
 valeroso

des a esquécemento
Non esquezas escura,
Da injuria o rudo encono;
Desperta do teu sono,
Redil
Fillà de Breogán.
Fogar
Redil

[III] = [5v]

Os boos e
Tódol'os generosos,
Os nosos sons comprenden
Nosôs ~~antos~~ entenden;
A nosa fala entenden
VOZ
E docemente atenden,
con arroubo
O noso rouco son:
sos os ignorantes
~~es rudos~~
Mas aqueles ignaros,
E rusticos e escuros
Avarentos e duros,
E ferridos
E rusticos duros
Preguizosos e escuros
E barbaros
Imbeciles e escuros
No-nos entenden, non.
Eses n'ó entenden non
No-no comprenden, non

[IV] = [6r]

Os tempos son chegados,
Dos bardos das
Q'auguráno ~~as~~ edades;
Q'as tuas vaguedades,
Gentil final
Cumprimento terán;
Cumprido fin

Pois donde quer gigante

A nosa voz resoa

pregoa

Nosô murmullo soa

A redencion da boa

Nazon

Terrâ de Breogán.

Criazon

Region

[V] = [6v]

Teus fillos vagorosos,

honor soo

En quen ferô ~~honor~~ late

intrepido

A glôrioso combate

¿Armando? o ferro

~~Aprêstandose van:~~

Dispondo o peito

Sé por ti mesma libre

Por ti se

D'indigna servidume,

E d'oprobioso alcume,

Fillâ de Breogan.

Criazon

Progenie de

[VI] = [7r]

serva

Á boa Lusitania,

Os brazos tende amigos

boos

Vosôs brazos tendéde;

~~Pois voso auxilio pede,~~

ven

Q'os eidos ~~son~~ antigos

Con un pungente afan;

E cumpre

~~Cumpride~~ as vaguedades

teus soantes
Dos vosos altos pinos,
 magicos
D'uns gloriosos destinos,
 Honor
Fillôs de Breogán.
 Gente
 Nazon
 Boa grey
 Ou

[VII] = [7v] **Amor da terra verde**
Da verde terra nosa;
 raza briosa
 Acénde a ~~generosa~~
Ergue â raza gloriosa,
D'Ousinde e de Froxán;
E aló nos seus garridos
Justillos, mal constreitos,
 doces
 brandos e albos
Os âmorosos peitos,
Das fillas de Breogán!

[8r]	Q'a nobre prole insínen	Q'os fillos non insinen ³³
	Destemidos acentos,	D'ilotas tan so acentos
	Non molidos acentos	De párias medorentos
	Fortísimos	atonitos
	Q'a vírges só ben 'stan:	Que subditos estan
	Mas os robustos ecos	Mas os robustos ecos ³⁴
	Q'oh patria, ben recordas,	Do bramador torrente
	Das sonoras cordas	Da rapida pendiente
	Das arpas de Breogan.	Lanzal de Breogan
		Gentil

33 Estes versos aparecen escritos en vertical, á dereita.

34 Na parte baixa da páxina, en dirección inversa, hai restos da escrita inicial a lapis con outra redacción alternativa máis aos últimos catro versos: Mas os robustos ecos / Do bramador torrente / Da rapida pendiente, / Redil [a. Mansion, b. Eiral, c. Redil] de Breogán.

Estima non s'alcanza
C'un vil gemido brando,
Con timidez
Imbeciles rogando,
E
~~Con~~ voz q'esquecerán:
Mas c'un rumor gigante
Sublime e parecido
O intrépido sonido
Das armas de Breogan

[9v] Mas [.....]
Cal [.....]
Na rapida pendiente
A voz de Breogan

nobre

~~vaga~~

Q'á ~~sua~~ prole ensinen
Que co seu sangue ¿infiltren?
Q'enseñen os seus fillos,
molidos
garridos
Non [.....] conentos
debiles

ll'

Q'o sexo mol están,
Q'as virges ben estan;
ecos
Mas so robustos ~~cantos~~
E cantos esforzados
Que sean ¿repetidos?
celebrados

Q'a cara prole ¿infiltren?³⁵
inspiren
Non molidos acentos,
Nin flebiles acentos,

35 Estes versos aparecen escritos en vertical, á dereita.

Honor de
~~Lustre~~
 Estima non s'alcanza
~~Q'a gloria non s'alcanza,~~
 gemido
 Con un ~~esforzo~~ brando;
 Ymbeciles rogando,
 Cal ~~ilotas~~ o fan,
~~Cal ilotas o~~
 Cal so ilotas o fan,
 Mas so con grande esforzo
 Dos fortes ¿no esforzo?
 [.....]
 Do refulgente ferro
 E c'unha voz de ferro,
 Do forte Breogan
 Con voz q'[...] oiran
 Mas con un grande esforzo,
 Se rompe o escuro encerro;
 E coa voz de ferro
 Do forte Breogán
 Mas ca voz que desperte
 As aridas gandras [.....]
 Q'as gandras de Xallas
 As sonoras cordas,
 Das arpas de Breogan.

O TEXTO FINAL DO CERTAME

O proceso de corrección despois das indicacións rítmicas de Pascual Veiga ocupou pouco tempo, pois nunha carta autógrafa datada no día 22 de abril, desde A Coruña, Pascual Veiga felicita a Pondal polo poema, agora na súa versión final:

La Coruña 22 de Abril de 1890

Sr. Dn. Eduardo Pondal

Muy mío y de mi consideración:

He recibido su hermosísima poesía que me ha dejado completamente satisfecho bajo todos puntos de vista, cual

no podía por menos de suceder siendo hija de un tan esclarecido ingenio que es honra de Galicia.

Además de la sociedad que represento, quedo muy obligado a su fina atención para conmigo deseando tener un motivo para poder demostrar a V. mi eterno reconocimiento.

Reciba V pues mi enhorabuena con los sentimientos más distinguidos de la más alta consideración con que soy de V. affmo. s. s. q. b. s. m. Pascual Veiga [rubricado].

O texto d' *Os Pinos* enviado por Pondal e louvado por Veiga é, sen ningunha dúbida, o que aparece no Prospecto do Certame Musical convocado polo Orfeón nº 4 da Coruña, dirixido na altura por Veiga: está datado na Coruña, no 22 de maio de 1890 e asinado por Pascual Veiga como Presidente da Comisión do Certame e Francisco Tettamancy como primeiro secretario. O xurado internacional, presidido polo músico francés Laurent de Rillé, tiña que atribuír o “premio de composición” (2º) á mellor “Marcha Regional Gallega”, como se recolle nas “Bases” do Certame³⁶:

2.º Una valiosa *Pluma de oro*, concedida por el Ilustrísimo Sr. D. Eduardo Vincenti, Director general de Administración y Fomento del Ministerio de Ultramar, al autor de la mejor **Marcha Regional Gallega**, escrita también para orfeón, sobre las dos primeras octavas de la letra consignada á continuación de este programa, original del ilustre vate don Eduardo Pondal, quedando las restantes para repetir la música, de dos en dos, y la novena como final de la composición, entendiéndose que ésta no podrá exceder de 32 compases de compasillo, sin comprender dicho final³⁷.

Precedendo o poema *Adiós á Galicia*, de Salvador Golpe, base para o premio (4º) á mellor Balada composta sobre as dúas primei-

36 Sobre o Certame Musical de 1890 é fundamental a consulta de Fernando López-Acuña, “Veiga Iglesias, Pascual”, *Gran Enciclopedia Gallega*, vol. 30, pp. 9-11.

37 A identificación completa do folletino é o seguinte: Orfeón Coruñés Número 4 | La Coruña | Certamen Musical | 1890 | Comisión organizadora del Concurso de Composición, Bandas Militares y Civiles, Masas Corales y Sextetos | Gran Concurso

- Imbéciles e escuros,
No-nos entenden, non.
- IV Os tempos son chegados, 25
Dos bardos das edades,
Q' as vosas vaguedades,
Cumprido fin terán;
Pois donde quer, gigante,
A nosa voz pregóa 30
A redenzón da bóa
Nazón de Breogán.
- V Teus fillos vagorosos,
En quen honor só late,
A intrépido combate, 35
Dispondo o peito ván;
Sé por tí mesma libre
D' indígna servidume,
E d' oprobioso alcume,
Región de Breogán. 40
- VI Á serva Lusitania,
Os brazos tende amigos;
Q' ós éidos ven antigos,
Con un pungente afán;
E cumpre as vaguedades 45
Dos teus soantes pinos,
D' uns mágicos destinos,
Oh grey de Breogán!
- VII Amor de terra verde,
Da verde terra nosa; 50
Encende á raza briosa,
D' Ousinde e de Froxán;
E aló nos seus garridos,
Justillos, mal constreitos,
Os doces e albos peitos 55
Das fillas de Breogán.

- VIII Q' a nobre prole insinen,
 Fortísimos acentos;
 Non mólidos concentos,
 Q' á vírges só ben 'stán; 60
 Mas os robustos écos,
 Q' oh pátria, ben recordas,
 Das sonoras cordas,
 Das arpas de Breogán.
- IX Estíma non s' alcanza, 65
 C' un vil gemído brando;
 Cal quen requer rogando
 Con voz q' esquecerán;
 Mas c'un rumor gigante,
 Sublime e parecido 70
 Ó intrépido sonido
 Das armas de Breogán!

(1) Antigo caudillo de los celtas gallegos.

Pascual Veiga, como Presidente da Comisión do Certame, non podía presentarse ao concurso, que tería como acto final a interpretación conxunta por parte de todos os orfeóns da marcha gañadora; mais se o premio ficaba deserto os orfeóns deberían interpretar a música que Pascual Veiga compuxera para *Os Pinos*, cuxa partitura xa fora asinada polo músico mindoniense no día 13 de xullo.

Na realidade, o primeiro premio foi para o músico catalán Ivo Gotós, mais non deu tempo a preparar a execución final, que non tivo lugar, como tampouco se interpretou a versión de Pascual Veiga, que, a partir destas datas, abandona a dirección do Orfeón e continúa a súa actividade en Madrid.

A pesar de que hai noticias certas sobre ensaios do Himno Galego na Coruña (polo Orfeón nº 4) e sobre varias interpretacións en diferentes ocasións, a verdadeira difusión e 'oficialización' do Himno comeza en 1907, a partir do enérxico activismo de Xosé Fontenla no Centro Galego da Habana³⁹. Acollido, a

39 Con todo, pode ser significativo para a difusión do Himno o comentario recollido

partir dese momento, polo movemento galeguista e nacionalista como Himno definitivo, deberase esperar a 1984 en que a Lei de Símbolos da Xunta de Galicia (do 5 de maio de 1984) o converta definitivamente en Himno Galego recoñecido institucionalmente a todos os efectos⁴⁰.

XOSÉ FONTENLA LEAL E A CONSOLIDACIÓN DO HIMNO

O verdadeiro promotor da consolidación e ‘oficialización’ do Himno no seo da comunidade galega en Cuba e mais no seu Centro Galego, onde, como xa dixemos, foi solemnemente interpretado o 20 de decembro de 1907, foi Xosé Fontenla Leal, emigrante na Habana, de formación autodidacta e entusiástico activismo cultural.

Porén, dun modo errado, á súa persoa foi atribuído, tradicionalmente, o papel fundamental na xénese do Himno Galego

en *Vida Gallega* (“El himno regional de Galicia”, nº 28, 30-11-1910):

“En la Habana –nos decían hace muy pocos días– se conoce, se toca, y se canta el himno de Galicia. ¿Por qué en la región no se canta, ni se toca, ni casi se conoce? [...]”

Pero el himno gallego también se toca en el corazón de nuestra pequeña patria.

Este descubrimiento es obra de nuestros redactores. Se realizó no ha mucho. Fué uno de los pasados días de cambios de mutuas afecciones entre pueblos gallegos.

Visitaban nuestros compañeros la Escuela de Sordomudos y Ciegos de Santiago. Recorrían las clases. Llegaron á la clase de música.

Estaba el recinto envuelto en una semiobscuridad que pasaba de esta medida, que era casi obscuridad completa. ¿Para qué necesitan de la luz los ciegos?

Había ambiente de misterio, de encanto, de religiosidad en el aula. Una voz amiga hizo saber que entraba allí la representación de VIDA GALLEGA. Y entonces, una feliz inspiración acercó á los ciegos al piano y puso los violines en sus manos.

Y de aquel terceto brotó el himno gallego, el que jamás habíamos oído, el que es popular en Cuba y aquí no conocen los gallegos. [...]

Hé ahí el himno regional de Galicia. Este es el que se toca y se canta en las fiestas que nuestros paisanos celebran en América. Tengamos nuestra admiración para esas notas viriles y para esos versos valientes. Y amemos á la pequeña patria en su música poética, vibrante como un grito de llamada á las fuerzas regionales, soñadora como nuestro espíritu lleno de vaguedades de un dolor que casi nunca vive sino en los antros de misterio de nuestras nostalgias”.

Na revista *Estudios Gallegos* (Madrid, nº 21, Noviembre 1916), a edición dos versos do Himno leva a seguinte nota: “Reproduzimos a letra, qe moitos desean conozere desqe se ten cantado en barias festas de distintas bilas gallegas. A música, como e sabido, e do maestro Veiga”.

40 Sobre os diversos avatares políticos e institucionais do Himno, vid. M. Ferreiro / F. López-Acuña, “O Himno: historia, texto e música”, en *Os símbolos de Galicia*, Consello da Cultura Galega / Real Academia Galega [no prelo].

como peticionario expreso da música e do texto⁴¹. Así, por exemplo, Francisco Camba lembra a suposta orixe do Himno, considerando a Xosé Fontenla como motor imprescindíbel no proceso, cunhas palabras críticas a respecto da súa figura e das súas actividades:

Hace ahora seis años, poco más ó menos, fué cuando se le ocurrió á Fontenla, de un modo brusco, al levantarse de la cama, esa necesidad del himno gallego. Le pidió aquel mismo día la letra á Curros, el gran poeta regional voluntariamente desterrado en la Habana, y la música á Chané, el mejor compositor gallego de toda la isla. Pero se murió Curros sin consideración ninguna, y Chané, educado en la escuela romántica, habló de esperar un suceso importante; una revolución, un motín siquiera, que justificase el nacimiento del himno. Fontenla es un hombre impaciente. No pudiendo resignarse á esperar, buscó tres ó cuatro poesías que le parecieron adecuadas y se las mandó á D. Pascual Veiga, diciéndole que eligiese una de las tres para ponerle música de himno.

Pascual Veiga accedió. Todo lo demás, porque, según parece, un himno no está hecho cuando el poeta y el compositor acaban su trabajo, sino que, como un vino destinado á ilustre vida, exige tiempo y cuidados, corrió á cargo de Fontenla⁴².

Unha opinión semellante acerca do proceso de creación do Himno era basicamente compartida polo galeguismo, como mostran, por exemplo, os comentarios de Eladio Rodríguez en 1920:

Acaso por eso mismo sepan muy pocos a estas fechas que el Himno gallego de Veiga y Pondal, hoy popular en todas las partes del mundo donde hay gallegos verdaderos, sólo a D. José Fontenla se debe. Él concibió la idea, él la meditó y la puso en práctica, él trabajó con ahinco por su realización, él rogó a nuestro Pondal que escribiese la letra, él interesó del maestro

41 Vid. unha síntese biográfica de Xosé Fontenla en X[osé] N[eira] V[ilas], "Fontenla Leal, José", en *Gran Enciclopedia Gallega*, vol. 13, pp. 188-189.

42 Cf. F[rancisco] C[lambal], *op. cit.*

Veiga que compusiese la música, él gestionó en la Habana que se pusiese en los atriles; y cuando vió coronados por el éxito todos estos esfuerzos pacientes y patrióticos, pudo con lágrimas de emoción oírlo en público por primera vez, entre clamorosas ovaciones, en una velada que el 20 de Diciembre de 1907 se celebró en el Gran Teatro del «Centro Gallego», en honor precisamente del autor de la música D. Pascual Veiga, fallecido en Agosto del año antecedente.

Y más tarde, en 13 de Diciembre de 1908, la Junta general del propio «Centro Gallego», puesta en pié, aprobó una moción del señor Fontenla declarando oficial el Himno para todas las fiestas que la gran Sociedad celebrase.

En el archivo de la Real Academia Gallega se conservan cuidadosamente, como preciadas reliquias una parte de la correspondencia que nuestro llorado amigo sostuvo con tal motivo con los autores del *Queixumes dos pinos* y de *La Alborada*; las notaciones musicales del Himno, escritas por el mismo Veiga, y otros curiosos e interesantes detalles que prueban hasta qué punto era único nuestro conterráneo en amor a esta su patria gallega⁴³.

Certamente, os “curiosos e interesantes detalles” deben referirse (para alén de redaccións manuscritas do poema) tanto á carta que Pascual Veiga dirixiu a Xosé Fontenla (1906), como á que este escribiu a Eduardo Pondal (1910), ambas as dúas relacionadas co Himno.

O primeiro elo dunha secuencia documental que provocou confusión na interpretación do proceso de nacemento do Himno, é a carta enviada desde a Habana por Xosé Fontela a Pascual Veiga, datada a 31 de maio de 1906:

Estimado Señor: he recibido carta de mi amigo el Señor Manuel Díaz, en la cual me dice de que Ud. ya terminó la música de *Os Pinos*, poesía de nuestro ilustre Bardo D. Eduardo Pondal; con este motivo es conveniente que nos mande la partitura para hacer las planchas en ésta, que nos sale más barato,

43 Cf. Eladio Rodríguez González, “Don José Fontenla Leal”, *Boletín de la Real Academia Gallega*, Coruña, nº 136, 1º de Agosto de 1920, pp. 171-172.

por las razones siguientes: el que tiene el honor de escribirle estas letras es grabador *Litógrafo* y con este motivo las planchas no nos cuestan nada y la impresión costará muy poco, de manera que fácilmente comprenderá el por qué [1v] hacemos la edición en ésta.

Para que pueda corregir las faltas que tengan [sic] el trabajo grabado le mandaré 2 ó 3 pruebas, para que pueda corregir.

La edición que se haga será para Ud., ya le daremos cuenta de los ejemplares que se tiren, y se le entregará el numero íntegro de la edición.

Lo que deseamos saber es lo que lleva Ud. por su trabajo, así es que le ruego nos lo diga.

La partitura la manda bien empaquetada y certificada.

Me es sumamente grato el tener este momento de alegría para mí, al comunicarme con el eminente autor de la *Alborada*, que tanto hace sentir a todos los gallegos que estamos [2r] alejados de nuestro país. ¡Ojalá que su nueva obra levante el entusiasmo patriótico de nuestros paisanos con el fin de engrandecer a nuestra Galicia!

Sin más que decirle puede Ud. mandar lo que guste, que estoy dispuesto a servirle y sabe que siempre tiene en éste un amigo y admirador. S. S. S. Q. B. S. M. José Fontenla [rubricado].

Antes de cerrar esta carta, se me ocurre indicarle lo conveniente que será el que la partitura sirva también para piano solo, en la misma forma que Ud. arregló en su Obra *A Escala*, que sirve para Orfeón y al mismo tiempo para piano.

Vale.

Su casa Apodaca 55.

Esta petición ten a seguinte contestación epistolar de Pascual Veiga (en carta mecanografiada en Madrid o día 23 de xuño de 1906, data tamén rexistrada no carimbo):

Mi distinguido paisano: Le agradezco con toda el alma las bondadosas frases con que recuerda mis antiguas campañas artísticas.

Había terminado la partitura inspirada en la poesía de D. Eduardo Pondal, cuyo título es “Os Pinos”, antes de que me

amagara el fuerte ataque de *grippe* que aún hoy me retiene en la cama. Bastante aliviado ahora, se la remito a V., en un certificado, por el mismo correo que llevará estas líneas.

Respecto a la edición íntegra que V. me ofrece, después de estimar en lo mucho que significa la delicadeza de tamaño obsequio, encargo a V. que la otorgue a ese “CENTRO GALLEGO DE LA HABANA”, a fin de que el mismo expenda los ejemplares ingresando en la caja de tan patriótica sociedad el producto de la venta, en concepto de donativo que, en compañía de V. y demás editores, rinde también este viejo músico a dicho benemérito Instituto regional.

Comprenderá V. que mi trabajo no admite señalamiento de precio; éste lo decidirá el éxito que mi obra alcance: no se puede medir por su extensión relativamente corta.

Mas si VV. quieren corresponder a mi labor con mil pesetas, las aceptaré tan gustoso como reconocido, sobre todo por la oportunidad de recibirlas en el trance de una enfermedad nada breve.

Salude en mi nombre a todos los compatriotas que no olvidan a este veterano de las lides para conservar el fuego de la fe en las gloriosas tradiciones y en los grandes destinos de Galicia.

Reciban todos mi más entrañable expresión de gratitud ilimitada.

Un efusivo apretón de manos encargo a V. para D. Manuel Díaz.

Siempre a V. s. incondicional y amigo Q. L. B. L. M. Pascual Veiga [rubricado].

Por outra banda, tamén na RAG se garda unha carta autógrafa de Xosé Fontenla a Eduardo Pondal⁴⁴, dunha data moi posterior (Habana, 29 de abril de 1910), relacionada co Himno:

Mi distinguido amigo y meritísimo conterráneo: De retorno en la Habana el amigo Nan, experimenté una viva satis-

44 Xa publicada en M. Ferreiro, *Pondal: do dandysmo á loucura, op. cit.*, pp. 224-225.

facción al darle la bienvenida, no sólo por estrechar la mano de un gallego *enxebre*, sino porque él era portador del obsequio, simbolizado en un abrazo, que usted ha tenido a bien enviar para el viejo luchador por la prosperidad de Galicia y la glorificación de sus hijos esclarecidos.

Yo no sé cómo agradecer a usted, señor Pondal, la delicada atención que me ha dispensado, másimamente cuando no tengo otros méritos para merecerla que el ser un sincero admirador de sus versos varoniles, saturados siempre de un sabor [sic] netamente regional.

Mil gracias, pues, y acepte mi más cordial saludo.

No sabe usted los deseos que tengo de conocer su grandiosa obra *Os Eoas*.

Y a propósito del poema: yo me permitiría rogar a usted, interpretando los deseos de varios admiradores suyos, que haga una edición de sus obras completas, pues nadie como usted puede dirijirla y presentarla cuidadosamente corregida. De lo contrario, corre usted el riesgo de que salga deslucida, y esto es lo que no quisiéramos los que de veras le admiramos.

Le remito la música del Himno, acompañada de su orijinalísima poesía *Os Pinos*; como usted verá, no quise suprimir el verso que empieza *A nobre Lusitania*, porque entiendo que sufría el conjunto de la poesía, además encierran las estrofas unas ideas tan hermosas basadas en la unión de Galicia y Portugal que de ningún modo quise cumplir el encargo que de usted me trajo el amigo Peinó.

Por lo tanto queda en pie mi petición de rogarle escriba otro verso final y de esa manera la poesía no quedará coja para la música.

Las razones que usted alegó de que la letra de los Himnos tienen que ser cortas, son de gran peso, pero fíjese que la Marsellesa y otros cantos de diferentes Naciones tienen la letra muy larga.

Si usted atiende mi ruego deseo me mande la poesía *Os Pinos* completa y escripta de su puño y letra con el fin de guardarla como se guarda una reliquia, y que acompañe al manuscrito de la música de Veiga, que conservo en mi poder.

Con recuerdos del amigo Peinó, que me los ha dado de usted a su regreso a la Habana, se ofrece de usted afetísimo amigo, y servidor que le admira, José Fontenla [rubricado].

Perdida a memoria histórica dos feitos, probabelmente foron estes documentos os que provocaron o equívoco sobre o papel desenvolvido por Xosé Fontenla e mais por Pascual Veiga e Eduardo Pondal na creación, consolidación e difusión d'Os *Pinos* como Himno Galego, seguramente ao ser interpretada a primeira carta como unha petición para a elaboración da música, cando, na realidade, o que o emigrante cubano solicita é unha copia da partitura que, como vimos, fora composta quince anos antes⁴⁵.

De todos os xeitos, aínda que puntual e fragmentariamente, a orixe certa do texto e música do Himno foi lembrada en 1927 por *A Nosa Terra* coa alusión ao Certame de 1890⁴⁶, así como, con maior desenvolvemento, nos datos subministrados por Lence-Santar en 1942, sen dúbida polo coñecemento das respostas epistolares que o bardo bergantiñán enviara a Pascual Veiga⁴⁷.

Mais é en 1972, a partir da publicación das tres cartas dirixidas en 1890 por Pascual Veiga a Eduardo Pondal solicitándolle

45 Esta crenza perviviu até épocas ben recentes, impulsada por un breve artigo divulgador de Juan Naya ("El himno gallego. Notas para su historia", *Galicia*. Revista del Centro Gallego de Buenos Aires, nº 58, Julio-Agosto, 1971, pp. 22-23), onde se repite literalmente a Francisco Camba e a Eladio Rodríguez. Os datos deste artigo foron recollidos e divulgados en *La Voz de Galicia* (vid. Juan Ramón Díaz, "El 'himno gallego' y sus autores", 10-9-1971), chegando á redacción da entrada dedicada a Xosé Fontenla na *Gran Enciclopedia Gallega* (vid. nota 41) ou, aínda, a traballos moito máis recentes, a pesar de que o esquema básico do nacemento do Himno xa fora establecido en 1972 por Amado Ricón Virulegio (vid. Victoria Armesto, "José Fontenla y el himno gallego", *Los hijos cautivos de Breogán. El rastro de Castela en América*, Sada-A Coruña, Ed. do Castro, 1986, pp. 126-132).

46 Vid. "O noso Hino", *A Nosa Terra*, A Cruña, nº 240, 1º de Setembro de 1927, p. 7.

47 Vid. E. Lence-Santar y Guitián, "Pascual Veiga", o primeiro dos artigos incluídos na revista *Mondoñedo*, que, co título xeral de "1842-1942. Primer Centenario del nacimiento de Pascual Veiga, autor de la gloriosa "Alborada Gallega". Se celebra por iniciativa de D. Eduardo Lence-Santar y Guitián, Cronista de esta Ciudad", está dedicada enteiramente á figura do músico mindoniense, sendo escrita na súa totalidade polo cronista oficial de Mondoñedo.

un texto para o futuro himno galego⁴⁸, cando comeza a ser difundida a verdadeira orixe do texto, que será recollida en diversas obras divulgadoras sobre a cuestión⁴⁹.

48 Vid. Amado Ricón, "Origen y sentido del himno gallego", *op. cit.*, pp. 47-66.

49 Vid., por exemplo, Baldomero Cores Trasmonte, *Los símbolos gallegos*, *op. cit.* (o esquema básico xa aparecera na voz "Himno gallego" da *Gran Enciclopedia Gallega*, vol. 17, pp. 122-126, do mesmo autor), así como Xosé Filgueira Valverde, *O Himno Galego. Da "Marcha do Reino de Galicia" a "Os Pinos" de Veiga e Pondal*, Caixa de Pontevedra, 1991. Este folleto resulta da compilación de artigos anteriores, que, á súa vez, xa estaban recollidos no *Segundo Adral*, Sada/A Coruña, Ed. do Castro, 1981 ("A marcha do Antigo Reino de Galicia", pp. 217-219; "O Himno Galego", pp. 220-225; "Pondal escribe «Os Pinos»", pp. 226-232; e "Fogar de Breogán", pp. 233-236). De todos os xeitos, a exposición máis documentada do proceso pode acharse en Fernando López-Acuña, "Veiga Iglesias, Pascual", *op. cit.* Véxanse, tamén, Cora, X. de / Pardo de Neyra, X., *Pascual Veiga*, Xunta de Galicia, 1996; X. Neira Vilas, "Xénese e consolidación do Himno Galego", Apéndice en *Crónicas galegas de América (Rolda Terceira)*, Sada-A Coruña, Ed. do Castro, 2001, pp. 325-383; e Cora, J. de, *Pascual Veiga*, Lugo, El Progreso, 2002.

A DERIVA TEXTUAL D'OS PINOS

O feito de *Os Pinos* ser un poema que se dotou historicamente dun alto valor simbólico, converténdose as catro estrofas iniciais nun texto popular (cantado) e reproducido constantemente en todo tipo de publicacións, levou a que a acumulación de erros, as falsas interpretacións etc. se multiplicasen, nun proceso que acabou alterando significativamente o texto do poema e, por conseguinte, o contido do Himno⁵⁰.

Xa a partir dos primeiros momentos da aparición escrita d'*Os Pinos*, o texto pondaliano comeza a ser sometido non só aos criterios gráficos particulares de cada editor e/ou publicación⁵¹, senón tamén a un proceso de acumulación de erros lingüísticos, interpretativos e, en definitiva, textuais, que son notorios pola súa cantidade e transcendencia.

Despois do Prospecto do Certame, a primeira publicación que recolle o texto do poema é o xornal lugués *A Monteira* (31-5-1890)⁵², que, para alén dunha evidente gralla (52: Froxán] Ero-xán), reconverte *esquecer* en *esquencer* (13: esquecemento] esquencemento, 68: esquecerán] esq[ul]encerán), omite o signo de admiración final e introduce un primeiro castelanismo que, desgrazadamente, aparecerá na futura versión oficial de 1984 (20: rouco] ronco).

Algo semellante acontece na revista cubana *El Eco de Galicia* (5-7-1890)⁵³, que, recollendo tamén as bases do certame musical, presenta unha versión en que os erros xa comezan a multiplicarse: grallas (21: os] ó; 56: fillas] filas; 70: e] ó), erros de interpretación (14: o] ô; 67: quen] quer), modificacións lingüísti-

50 Como, por outra parte, tal e como lembrabamos no Limiar, acontece, en xeral, con toda a lírica pondaliana.

51 Non detallaremos, agás as significativas, as variacións estritamente gráficas de cada publicación, que afectan ao tratamento de <y> e <j, g+e, i>, así como ao uso de apóstrofos nas crases e de trazos en certos encontros da preposición *en* con artigos ou demostrativos.

52 Vid. "Certame musical n-a Cruña", *A Monteira*, Lugo, nº 35, 31-5-1890, pp. 277-278.

53 Vid. "Certamen musical en La Coruña", *El Eco de Galicia*, Habana, 5-7-1890, nº 419, pp. 2-3.

cas (9: cingido] cinguido; 68: esquecerán] esquencerán) e mudanzas lexicais (12: clán] chán).

Mais o texto do Certame Musical de 1890 aínda era a referencia fundamental e a presenza de erros aínda era relativamente limitada en número e en importancia.

Despois da aparición do poema e a case inmediata publicación n'*A Monteiro* e *El Eco de Galicia*, as seguintes edicións producíronse na Habana, o centro oficializador e difusor do texto pondaliano como Himno Galego, cuxa interpretación solemne se produciu, como xa antes indicamos, na capital cubana o día 20 de decembro de 1907. Previamente, a revista *Galicia*, primeiro en 1905 e despois en 1907, recolleu e publicou o texto íntegro, cun nivel de deturpación textual sorprendente.

A versión de 1905⁵⁴ acumula unha grande cantidade de erros e manipulacións, xa que, a carón de grallas (9: ci'inguido; 21: so'os), modifica diversas opcións lingüísticas pondalianas (9: cingido] ci'inguido; 21: sós os] so'os; 21, 61, 69: mas] mais; 68: esquecerán] esquencerán), altera o léxico do texto (12: clán] chán; 22: férridos] feridos⁵⁵), e corrompe textualmente a expresión poética (60: q'al q'as), mesmo impedindo a comprensión da sexta e sétima estrofa do poema: 41: ven] ben; 53: e aló] c'a-ló; 67: quen] quer.

A versión de 1907⁵⁶ só perpetúa da de 1905 a lección errada *cinguido* (v. 9), mais reintroduce o castelanismo *ronco* (v. 20), que xa aparecera n'*A Monteiro*, ao tempo que simplifica graficamente *bos* (v. 17), corrixe *c'un* en *con* (v. 69) e erra ao interpretar *q'os* (v. 43) como unha contracción da prep. *con* co art. (*c'os*), ademais de acumular moitos erros de imprenta: 13: non] gon; 24: no-nos] n-o nos; 39: d'oprobioso] d'o oprobioso; 67: cal quen] calquen; 70: sublime] subeime).

54 Pondal, Eduardo, "Os Pinos", *Galicia*. Organo general de la colonia gallega y sociedades regionales en Cuba y defensor de los intereses gallegos en América, Habana, nº 18, 30-4-1905, p. 4.

55 Talvez debamos considerar que a intención foi pór *féridos*, tendo en conta que no v. 59 aparece *molidos*, sen acento gráfico.

56 Pondal, Eduardo, "Os Pinos", *Galicia*. Organo general de la colonia gallega y sociedades regionales en Cuba y defensor de los intereses gallegos en América, Habana, nº 31, 4-8-1907, p. 4.

Mais é a versión de 1909, aparecida nos *Apuntes para la historia del Centro Gallego de La Habana*⁵⁷, a que terá maior transcendencia para o futuro textual do poema, porque dela se derivan moitas outras que podemos rastrexar a partir da repetición textual de erros xunto coa aparición doutros novos. Practicamente, incorpora todos os anteriores (9: *cinguido*; 12: *chan*; 21: *mais, só, féridos*; 53: *qu'aló*; 60: *q'as*) e acrecenta moitos outros: malinterpreta o posesivo nos vv. 18, 20 e 30 utilizando a segunda persoa e anulando, dese xeito, o xogo dialóxico entre a pregunta inicial aos “rumorosos” e a resposta destes⁵⁸, instaura para o futuro o erro *calquer* a partir de *cal quen* no v. 67, así como a forma *subrime* no v. 70, e reinterpreta o v. 43 a partir do erro *ven > ben* (*Os eidos ben antigos*) completando a corrupción iniciada en 1905 na revista *Galicia* por medio dun proceso reinterpretativo en que a engranaxe de refacción funciona de maneira inexorábel.

As consecuencias dalgúns destes erros son evidentes. A partir de agora, a primeira parte da sexta estrofa fica desvirtuada e reinterpretada cunha serie encadeada de mudanzas banalizadas: *qu'os eidos ven antigos > qu'os eidos ben antigos > ós eidos ben antigos*:

A nobre Lusitania
Os brazos tende amigos,
Os eidos ben antigos,
Con un pu[n]xente afán (vv. 41-44).

E a sétima estrofa fica sen sentido, polo fallo sintáctico a partir da reconversión da conxunción *e* en *que*, ficando a segunda parte sen verbo principal:

Amor de terra verde,
Da verde terra nosa,
Encende á raza briosa,

57 *Apuntes para la historia del Centro Gallego de La Habana de 1879 á 1909*, Habana, Imprenta “Avisador Comercial”, de Miranda, López Seña y C^a., 1909, p. 193.

58 Sorprendentemente, este mesmo erro reaparecerá no futuro, chegando aos nosos días nalgunhas reproducións do Himno.

D' Ousinde e de Froxán;
 Qu' aló nos seus garridos
 Xustillos, mal constreitos,
 Os dôces é albos peitos
 Das fillas de Breogán (vv. 59-56).

O texto editado nos *Apuntes...* ten, ademais, a particularidade de presentar unha innovación na cualificación de Lusitania no v. 41, que agora é considerada *nobre* (no canto de *serva*), e que talvez debemos aceptar, xa que pode responder a unha copia pondaliana enviada a Xosé Fontenla.

Esta versión de 1909 é a que se difunde por Galiza a partir de 1910 a través da revista viguesa *Vida Gallega*⁵⁹, que recolle unha copia textual da edición cubana, da mesma maneira que é a base para a publicación en abril de 1917, despois da morte de Pondal, do texto d'*Os Pinos* no *Boletín* da Real Academia Galega⁶⁰, de onde pasou a todas as edicións modernas.

O confronto entre os textos evidencia que o *Boletín* da RAG segue a edición dos *Apuntes...* de 1909 (e de *Vida Gallega* de 1910), xa que coincide literalmente en todos os erros⁶¹, agás a restauración da forma correcta *rouco* (v. 20) e das verdadeiras formas do posesivo nos vv. 18, 20 e 30, introducindo, asemade, unha nova mudanza (49: del da), que tamén pasará ás futuras edicións.

Esta edición de 1917 tamén presenta outra innovación importante, cal é a incorporación dunha nova estrofa final no poema, que constituiría a décima, solicitada tamén por Xosé Fontenla en 1910. “Por lo tanto queda en pie mi petición de rogarle

59 Vid. “El himno regional de Galicia”, *Vida Gallega*, Vigo, nº 28, 30-11-1910. Obviamente, a partir de aquí vai aparecer tamén noutras publicacións: vid., por exemplo, a edición que aparece dos 32 vv. do Himno na *Gaceta de Galicia*, Santiago de Compostela, 30-8-1916, ou a versión que se publica, cos peculiares criterios gráficos de Aurelio Ribalta, en *Estudios Gallegos*, Madrid, nº 21, Noviembre 1916, p. 269 (coa particularidade de introducir por primeira vez o hiperenxebismo *ñorantes* no v. 21).

60 Vid. “Don Eduardo Pondal”, *Boletín de la Real Real Academia Gallega*, t. X, nº 116, 1-4-1917, p. 207.

61 Ademais de, significativamente, coincidir na anulación das crases do v. 57 (*que á*) e do v. 62 (*que job*), conservando todas as restantes.

escriba otro verso final y de esa manera la poesía no quedará coja para la música”, dille a Pondal o difusor do Himno, seguramente para procurar simetría na interpretación, porque as bases do Certame de 1890 estabelecían unha execución musical que abranxese dúas oitavas para ser repetida até a novena estrofa, final da composición. De onde procede esa “nova” estrofa d’Os *Pinos* publicada por vez primeira en 1917? A recente aparición na RAG dunha carta de Pondal a Fontenla, datada no día 1 de xaneiro de 1913, aclara a cuestión, pois o poeta envía efectivamente o texto desa estrofa, perante a insistencia do difusor galego-cubano do Himno; e a Academia, após a morte de Pondal, incorpóraa ao texto do poema sen considerar que é certamente dubidoso que deba ser incluída no texto definitivo d’Os *Pinos*, visto que existen varios versos que non presentan acentuación na segunda sílaba, o que demostra, por outra parte, que foi produto da insistencia de Fontenla nun momento en que o poeta vivía os seus derradeiros anos inmerso nun proceso de dificultoso estado físico e mental, o cal só lle permitiu reaproveitar a redacción Xe do terceiro estrato da redaccións previas do poema (vid. *supra*) para satisfacer a demanda de Xosé Fontenla:

Gallegos, sede fortes,
 prontos a grandes feitos;
 aparelláde os peitos
 a glorioso afán;
 fillos dos nobres celtas,
 fortes e peregrinos,
 luitade pl’os destinos
 dos eidos de Breogán.

O texto editado pola RAG á morte do poeta en 1917 é incorporado á sección de “Poesías inéditas” que a Academia acrecenta á edición de *Queixumes dos Pinos* en 1935 para celebrar o centenario de Eduardo Pondal⁶². A edición académica presenta

62 Academia Gallega, *Queixumes dos pinos (2ª edición) y Poesías inéditas de Eduardo Pondal*, La Coruña, Imp. Zincke Hermanos, 1935.

os mesmos erros que a anterior, aínda que se producen algunhas innovacións gráficas de relevo e se acumulan novas alteracións do texto pondaliano. Por unha banda, os editores da RAG acomodan graficamente aos seus criterios o texto do poema⁶³: a contracción *ó* é agora reconvertida, por vez primeira, en *ao* (vv. 3, 71), simplifican a grafía de *boos* en *bôs* (v. 17), ao tempo que, contraditoriamente, reconverten *só* en *soo* (v. 34; mais *só* no v. 60), consolidando, por tanto, *soo* (orixinal *sôs*) no v. 21, e introducen unha asimilación inexistente no orixinal (61: mas os > mais os > mail-os). Por outra banda, seguindo a política de “galeguización” a que someteron todos os textos pondalianos, mudan o orixinal *encende* en *acende* (v. 51) e, infelizmente, hipe-renxebrizan o correcto *ignorantes* en *iñorantes* (v. 21). E, aínda, finalmente, volta a aparecer o castelanismo *ronco* no v. 20, substituíndo o orixinal *rouco* do texto do Certame.

Consolidáanse, así pois, todos os erros anteriores e aparecen outros novos nunha edición fundamental por a versión da Academia se constituír na degradada vulgata de onde procederán todos os textos pondalianos editados a partir de 1935⁶⁴.

63 Véxase unha detallada análise dos criterios de edición e da manipulación textual que a RAG fai dos textos pondalianos en M. Ferreiro, “Introdución”, en Eduardo Pondal, *Poesía Galega Completa*. Vol. I. *Queixumes dos pinos*, *op. cit.*, pp. XXII-XXVII.

64 Todas as edicións –quer do Himno, quer do poema completo– cronoloxicamente intermedias entre 1917 e 1935 (publicacións n’*A Nosa Terra*, antoloxías, follas soltas, edicións publicitarias...) coinciden, en maior ou menor medida, na persistencia dos erros fundamentais. Vid., por exemplo, “Eduardo Pondal. Os Pinos”, *A Nosa Terra*, 1-3-1924, nº 198; “O noso hino”, *A Nosa Terra*, 1-9-1927, nº 240, p. 7; “Do noso bardo. Himno Galego”, *A Nosa Terra*, 25-7-1934, nº 341, p. 1; *Escolma de poesías de Pondal*, Suplemento nº 22 de *Nós*, Setembro, 1930; Sociedade Nazionalista Pondal, *Escolma de poesías de Edoardo Pondal. Lembranza e bomaxe no centenario do nascimento do poeta*, Bos Aires, Febreiro 6 do 1935; etc.

E, como xa dixemos, a aparición da edición da Real Academia Galega condicionou todas as edicións posteriores a 1935. Como mostra, véxanse algunhas publicacións didácticas (Ultreya, *Os nosos cantos*, Pontevedra, 1932, ou Josefa Iglesias Vilarelle, *Método de lectura*, Seminario de Estudos Galegos. Publicacións Escolares, s.d.), ou diversas follas voandeiras tamén ligadas ao nacionalismo, como as das Irmandades da Fala ou as “Follas do Partido Galeguista”, en plena posguerra, difundidas en Buenos Aires ou México (1944). A partir de 1970, o poema aparece en numerosas antoloxías literarias, tanto galegas como extragalegas.

Deste xeito, a última edición fundamental antes da Lei de Símbolos de 1984, isto é, a de Xosé María Álvarez Blázquez⁶⁵, é unha reprodución literal do texto académico, que só modifica para corrixir o erro de imprenta do v. 36 (*oponde* > *opondo*) e para acomodar formalmente e á grafía moderna aqueles aspectos que difiren dos actuais, que, de todos os xeitos, non xustifica a eliminación dos puntos suspensivos efectuada polo ilustre galeguista nas dúas preguntas iniciais do texto. Posteriormente, aínda foi recollida en 1985 a obra de Pondal por Xavier Senín⁶⁶, continuando o texto anterior, polo que haberá que esperar ás edicións de 1996 (con nova versión en 1997) e de 2001 para dispor dunha edición crítica do poema que restaurase o texto orixinal⁶⁷.

65 Eduardo Pondal, *Queixumes dos pinos e outros poemas*, Vigo, Castrelos, 1970.

66 Pondal, Eduardo, *Queixumes dos pinos e outros poemas*. Ed. ó coidado de Xavier Senín, Vigo, Galaxia, 1985. Desta edición proceden os textos pondalianos escolmados nas múltiples antoloxías publicadas nas dúas últimas décadas.

67 En 1996 saíu do prelo a primeira edición do presente estudo, cuxos elementos fundamentais, con modificacións pola documentación recuperada en 2000, foron incorporados á edición d'*Os Pinos* no volume que recolle os Poemas Impresos de Eduardo Pondal (vid. nota 9).

RECUPERANDO O TEXTO (ACTUALIZADO) D'OS PINOS

A progresiva e acrítica acumulación de innovacións no texto d'Os Pinos, desde a súa publicación inicial en 1890 até a edición-vulgata de 1935 só pode ser xulgada como unha grave alteración da vontade pondaliana, expresada a través da publicación inicial e mais do recorte dese texto procedente do Arquivo Parga Pondal, en que a única corrección do poeta é a efectuada no título do poema, que é riscado e substituído por *Breogán*. É máis, o feito de que parte das alteracións impidan a comprensión do texto tal como foi transmitido historicamente (vid. vv. 41-44 e 49-56) confirma que as mudanzas non responden á vontade do poeta, nin sequera ao proceso de popularización: son produto quer de cambios mecánicos, quer de lapsos, quer de cambios propositados –con consciencia ou por descoñecemento– dos diversos editores nas sucesivas publicacións do texto, de modo que moitas das modificacións comentadas, xunto con outras novas (*ronco*, *iñorantes*, eliminación dos puntos suspensivos nos vv. 4 e 8 etc.), chegaron a formar parte do texto oficial do Himno, que procede, sen dúbida ningunha, da supracitada edición de 1970. Máis aínda: o propio poeta tiña conciencia destas alteracións que deturpaban o seu texto, pois en 1913 fai a seguinte observación nunha carta dirixida a Xosé Fontenla: “El texto de nuestro himno contiene no pocas erratas; y ya verémos de corregirlas oportunamente”. Mais a corrección non chegou, pois Pondal, con graves problemas de vista e con fondos desequilibrados psicolóxicos que se agravaron a partir de 1909 e se manifestaron nunha fonda crise persoal pouco despois de escribir esa carta, nunca puido facer ese labor de reparación textual de que estaba tan necesitado o seu máis emblemático texto.

O TEXTO D'OS PINOS

O texto que agora presentamos actualizado procura o respecto criterioso da edición do autor en 1890, introducindo unicamente modificacións formais e gráficas (indicación do diálogo, acentuación moderna, puntuación axeitada e nivelación moderna das grafías <h>, <y/i>, <g/j/x> e <q/qu> e mais sim-

plificación de *boos*, que conta sempre como unha sílaba métrica), así como coa eliminación do apóstrofo nas crases consolidadas (*d'uns*, *c'uns*) e reposición da vogal naqueles contextos (coa prep. *de*, co pron. *se* e coa conx. *que*) que son produto dos hábitos gráficos da época en que foi xerado o texto:

Os Pinos

- | | | |
|-----|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------|
| I | Que din os rumorosos,
na costa verdecente,
ó raio trasparente
do prácido luar...?
Que din as altas copas
de escuro arume harpado
co seu ben compasado,
monótono fungar...? | 5 |
| II | “Do teu verdor cinxido
e de benignos astros,
confín dos verdes castros,
e valeroso clan,
non des a esquecemento
da inxuria o rudo encono:
desperta do teu sono,
fogar de Breogán. | 10

15 |
| III | Os bos e xenerosos
a nosa voz entenden,
e con arroubo atenden
o noso rouco son;
mas sós os ignorantes
e férridos e duros,
imbéciles e escuros,
non os entenden, non. | 20 |
| IV | Os tempos son chegados
dos bardos das edades,
que as vosas vaguedades | 25 |

- cumprido fin terán,
 pois donde quer, xigante,
 a nosa voz pregoa 30
 a redenzón da boa
 nazón de Breogán.
- V Teus fillos vagorosos,
 en quen honor só late,
 a intrépido combate 35
 dispondo o peito van:
 sé por ti mesma libre
 de indigna servidume
 e de oprobioso alcume,
 rexión de Breogán. 40
- VI Á nobre Lusitania
 os brazos tende amigos,
 que os eidos ven antigos
 con un punxente afán,
 e cumpre as vaguedades 45
 dos teus soantes pinos
 duns máxicos destinos,
 oh grei de Breogán!
- VII Amor de terra verde,
 da verde terra nosa, 50
 encende a raza briosa
 de Ousinde e de Froxán,
 e, aló nos seus garridos
 xustillos mal constreitos,
 os doces e albos peitos 55
 das fillas de Breogán.
- VIII Que á nobre prole insinen
 fortísimos acentos,
 non mólidos concentos
 que a virxes só ben 'stan;
 mas os robustos ecos, 60

NOTAS AO TEXTO

0. Á vista das redaccións manuscritas e de posteriores correccións, Pondal dubidou entre o título *Breogán* da versión inicial e mais o definitivo *Os Pinos*, como mostra a corrección autógrafo nun recorte da versión do texto do Certame de 1890 que se conservou no Arquivo Parga Pondal entre outros recortes coleccionados polo poeta. A única mudanza rexistrada aparece no título, que é substituído por *Breogán*; porén, non parece recomendábel acoller esta modificación, sobre todo se temos en conta a permanente obsesión correctora do poeta, que o leva en numerosas ocasións a modificar constantemente textos impresos que xa foran supervisados por el mesmo.

3. Eduardo Pondal, excepto no período final da súa obra (precisamente despois de 1890, data de composición do Himno), distingue nos seus poemas entre a forma contracta *ó* (unha sílaba métrica) e a aglutinación gráfica *ao* (dúas sílabas métricas). O texto do Certame, así como as redaccións manuscritas confirman que a súa opción no texto do Himno foi a solución graficamente contracta no encontro da preposición *a* co artigo *o*, aínda que, posteriormente, o poeta optase pola sistemática grafía *ao*, como o demostra que n'Os *Eoas* nunca apareza *ó(s)*.

Por outra parte, a forma utilizada polo poeta no texto foi *transparente*, en liña coa redución consonántica efectuada tamén no mesmo vocábulo e noutros semellantes que podemos rastrexar na súa produción (sempre con contradicións): *as transparentes gasas* (PI 4.17); *vosas livianas, transparentes gasas* (PI 19.6)⁶⁸.

9. Fronte a *cingir*, na obra pondaliana só se pode documentar as formas *cinguir* ou *cenguir* nos primeiros anos de actividade poética (QP 27.6, 41.20, 72.11, 73.39, 81.83; PI 39.6 e 22, 41.4 e 60.6). Desde moi cedo, *cingir*, isto é, o actual *cinxir*, é a

68 Mais véxase *transparente* nos materiais complementarios d'Os *Eoas*, 11 (*E transparente e rígado diamante*).

forma absolutamente maioritaria na produción de Pondal (confirmada, máis unha vez, polo texto do Certame e mais polas redaccións manuscritas do Himno): **Cingida** de nimbos / desprega as súas galas (PI 48.17); *mas dobres lle cingira / unhas cordas de ferro* (PM 16.11); **Cingidas** de ferro, /... / caeran luitando (PM 20.9); *pois un día cingindo / a crinada cimeira* (PM 26.11); e **cingindo** a coraza (PM 26.45); *das súas brillantes armas / cingido e rodeado* (PM 90.6), **cingen** os pés vendoteles / e de contortas correas / **cingen** as pernas potentes (PM 93.40-42), **Cingindo** un rico colar (PM 108.1); **cingido**, humilde, singelo (PA 20.6). Tamén n'Os Eoas aparece en exclusiva esta forma: *As rutilantes armas que cingiran / Non as forjaran Esterope e Bronte* (E 12.3); *E Juan de Logrosán, qu'o fulguroso / Arnés cingío desde adolescente* (E 50.6)⁶⁹; ... **cingidos** d'arneses fulgurosos (E 86.3)⁷⁰; *A cual d'escura tréboa o rostro cinge* (E 142.8); *De mil brillantes formas ideales / Aos ollos dos intrépidos se cingen* (E 156.4)⁷¹; *Sobr'o horizonte lóbrego aparece / Cingida d'armadura rutilante / ... / E co brazo, de malla coruscante / Cingido, ...* (E 193.3-6); *Seus ollos cinge misteriosa venda* (E 224.7); *Cingida d'armadura refulgente* (E 246.5); *D'armas cingida a forte gente hispana* (E 277.2); *Non de malla cingidos e guardados* (281.2)⁷².

De todos os xeitos, a mudanza desde as primeiras publicacións puido ter orixe nunha confusión que, visual e tipograficamente, era fácil por causa da grafía etimolóxica utilizada polo poeta para o fonema fricativo palatal xordo.

10-11. As conexións entre lírica e épica en Pondal son maiores do que inicialmente semella. Sirva como exemplo a aparición dos sintagmas *benignos astros* e *verdes castros* en diversas

69 Cf. tamén na versión riscada destes versos: *E Logrosan q'o ferro riguroso / Cingío, desde edade adolescente*.

70 Tamén na versión riscada: *Que cingidos de ferro radiosos*.

71 En rima con *finjen* e, significativamente, *tingen*.

72 E aínda na redacción alternativa a 275.1 e mais nas redaccións manuscritas complementarias seguintes: 1,5d-12d-16d-27d-30d-31d-32d-33d-34d-35d-37d-44f-66f; 3,11d; 12,1d; 46,1d; 87,1f; 157,3d; 185,1f; 204,1f; 204,1f; 242,2d-3d-4c-5d-6d; 273,2f; 277,2d-3d-5c-9d-10d-11d-12f; 280,4d; 281,4d.

pasaxes manuscritas d'Os *Eoas* que certifican a conexión entre os dous mundos poéticos no poeta bergantiñán⁷³:

Diosa das vestiduras peregrinas,
 Filla de nobres e benignos astros,
 Que voar soes nas horas matutinas
 Sobre dos dolmens e dos verdes castros
 Dos nobres celtas; filla das neblinas
 De Breogán, e cuios bellos rastros
 Achei nas gandra; e mil vagos soños
 M'inspiraches, e mil vagos ensoños. (“Invoc[ación]. Otra”)⁷⁴

Terra dos prados verdes e vizosos,
 Terra dos eidos nobres e alongados,
 Das canles e dos pinos sonorosos,
 Dos arros verdecentes e incrinados;
 Dos magoados cantos saüdosos
 E dos antigos celtas celebrados,
 Terra d'amigos e benignos astros,
 Dos altos dolmens e dos verdes castros (“Os Eidos”)⁷⁵

Terra de Breogán, dos espaciosos
 E verdes eidos e benignos astros;
 Dos cronlech, e dos pinos rumorosos,
 Dos altos dolmens e dos verdes castros,
 Onde quedan nos montes orgullosos
 Dun pobo forte os gloriosos rastros;
 Terra irmán, nos magníficos acentos,
 Dos eidos lusitanos, roburentos. (“Os eidos. 2ª ó 3ª”)⁷⁶

73 Estas redaccións manuscritas corresponden á oitava 111 da versión definitiva.

74 3: horas] *r.* eidos - 7-8a: E co teu vago voar mil suidades / En min deixaches {*r.* Deixache en min}, e mil vaguedades.

75 1: prados: *r.* campos; vizosos] *r.* espaciosos - 3: sonorosos] *A.* rumorosos - 4: *A.* E dos peitos barudos e esforzados - 5: *r.* saudosos cantos magoados - 6: *A.* E dos nosos gentis antepasados - 8: *a.* D'amigos dolmens e de verdes castros.

76 5: nos montes orgullosos] *a.* nos eidos saudosos - 7-8a: Que recordan no verbo soberano / O boo cantor do peito lusitano; + Q'o nobre alento tes do soberano / + Cantor do peito ilustre lusitano; Ti somellas no teu eido longal / A terra de

12. O substantivo *clan* (vocábulo procedente do gaélico coa significación orixinaria de ‘proxenie, descendencia, fillos, pobo’), recentísima importación lexical pondaliana, aparece no poema central de *Queixumes* (QP 45), sempre como sinónimo de grupo humano (*deixa o nativo **clan***, v. 34; *ao deixado **clan***, v. 106), así como na restante produción lírica: *da[n]zaban os fillos / do céltico **clan*** (PM 86.61-62); *D’Arou rudos fillos, / do céltico **clan*** (PM 86.68). Pois ben, tendo en conta que a deturpación de *clan* en *chan* é claramente favorecida neste caso por razóns fonéticas e de certa posibilidade semántica, a lección *clan* móstrasenos indubitábel á vista da súa sistemática presenza nas elaboracións autógrafas (dúas veces baixo a forma *clam* en redaccións manuscritas) e mais nas primeiras versións impresas. Téñase en conta, ademais, que, en todas as documentacións de *chan* na lírica pondaliana, este substantivo aparece sempre como sinónimo de ‘solo’ ou ‘territorio’, mentres que, o adxectivo *valeroso* en *Queixumes dos Pinos* é sistematicamente utilizado en relación a seres humanos e nunca a territorios: *Brásidas **valeroso***, QP 2.10, 22, 32; *soldados **valerosos***, QP 45.121; *e valeroso fillo de Panthoo*, QP 74.2. E o mesmo acontece na restante produción pondaliana: «***Valerosos caeron, non morreron!***» (PI 42.16); *o **valeroso** héroe* (PM 17.6); *e recordade o feito / do **valeroso** Scévola* (PM 18.8); *Viven os **valerosos** / Ió-lidas e Daiphantos* (PM 90.11)⁷⁷. E n’Os *Eoas* continúa a mesma utilización, cualificando a persoas, feitos ou colectivos sociopolíticos: *feitos* (E 56.6, 78.3), *peito* (E 110.4, 149.4), *bando* (E 127.5), *Luís de Torres* (E 50.1) ou *Lusitania* (E 27.5)⁷⁸.

16. Breogán, como “antiguo caudillo de los celtas gallegos”, segundo a nota de Pondal, constitúe a referencia mítica que atravesamos o poema e o liga a outros textos de *Queixumes* en que

Colmul e de Fingal; + Ti asomellas, terra nomeada / + Da verde Erim, dos bardos celebrada.

77 A aparición de *clan* (e *clam*) na redacción apógrafa de PM 60 (fragmento 1) suxire que *chan* pode constituír máis outra deturpación do texto pondaliano por parte dos responsábeis da súa primeira publicación en 1908 na revista *Galicia Solidaria: tal ti, Curros amigo, / eterno honor do noso **chan** antigo* (v. 22).

78 Vid. tamén as alternativas de redacción a E 1.7, 8.1, 120.8, 192.8.

os sintagmas “gente de Breogán”, “terra de Breogán”, “raza de Breogán” ou “fillos de Breogán” se rexistran con frecuencia (vid. QP 1.26, 25.6, 45.2, 144, 67.12, 90.30) e se prolongan no resto da súa obra (PI 41.8, 60.1; PM 17.17, 19.1-2, 21.4 etc.).

Segundo a doutrina do celtismo decimonónico, teorizada especialmente por Murguía, como historiador, e por Pondal, como poeta, Brath, descendente dos fenianos, estableceuse na Península e o seu fillo, Breogán, conseguiu dominar a poboación fundando Brigantia (A Coruña), que se constituíu como capital da tribo dos celtas brigantinos, a máis importante de todas as tribos célticas. Ith, fillo de Breogán, dexergou Irlanda desde a torre que seu pai construíra (a Torre de Hércules), a onde marchou e onde achou a morte, vingada posteriormente polos milesianos.

19-20. Certamente, a construción “atenden / o noso rouco son”, esixida polo paralelismo con “a nosa voz entenden” (v. 18), resulta semántica e sintacticamente forzada desde o momento que as grafías orixinais non nos autorizan a considerar a presenza da contracción *ó*. De todos os xeitos, á parte da posibilidade de lle atribuír a *atender* unha significación concomitante de ‘esperar’, existe na lírica pondaliana algún outro caso, aínda que anómalo, da utilización de complemento directo con verbos intransitivos (cf. *A quen, ti, necia, debes / saír d’escuro olvido, / dura raza, senón a estes videntes, / nobres e peregrinos?*, QP 81.115-118).

20. O adxectivo *ronco* é un castelanismo que Pondal xamais utilizou na súa obra, onde só se rexistra a forma lingüisticamente correcta *rouco*: *sae con rouco ton* (QP 34.8); *ja doces, ja roucas* (QP 57.10), *rouca cadea* (QP 79.46, PI 14.382); *brúan as roucas olas* (PI 26.14); *con rouca voz se queixan e retumban, /.../ quezais dos roucos cantos das palmeiras* (PM 35.2-13), *Serás a rouca tuba* (PM 44.29); *Que din túas roucas notas? /.../ miñas notas salvages e roucas* (PM 58.4-18); *mas eu prefiro o rouco son do vento* (PM 67.3, 7, 11); *do sonido grande e rouco* (PM 87.18); *con [rudos acentos] / e rouco compás* (PM 113.8); *neste pinar salvage, rouco e espeso* (PM 115.3); *con rou-*

cos cantos sin cesar branquea (PM 122.2). E n'Os *Eoas* continúa a utilizar a mesma forma, documentándose en numerosas redaccións manuscritas (64,4e, 111,16d, 119,1d, 3d e 4d, 183,1c-2c, 212,2d, 231,1d e 280,3c).

21 (61, 69). Nas edicións do Himno é case universal unha reconversión de tipo lingüístico que levou a mudar a conxunción *mas*, utilizada sistematicamente por Pondal en lugar de *mais* a partir de 1886, despois da publicación de *Queixumes dos Pinos*, onde xa aparecía un rexistro da forma foneticamente reducida: **mas ó jugo se rende** (QP 34.51). Após *Queixumes*, *mas* é forma única na produción pondaliana: **mas, cando ausentes estamos** (PI 14.23); **mas longe do seu ruído lisongeiro /.../ agreste certamente, mas garrida** (PI 18.6-18); **Mas eu vejo nos mágicos encaixes** (PI 19.13); **Mas cando falades / nos patrios acentos** (PI 21.17); PI 28.5, 11, 17; 39.7, 15, 23; 42.11; 44.13, 16, 24; 48.23; 55.10; 60.27; 66.13, 29. O mesmo acontece nos Poemas Manuscritos⁷⁹: **Mas aqueles que s'aman fondamente** (PM 3.9); *todos, todos son os mesmos, / mas eu o mesmo non son* (PM 13.6, 12 e 22); **mas dobres lle cingira / unbas cordas de ferro** (PM 16.11); PM 26.3, 35; 28.27; 37.30, 48, 62; 41.15, 23, 24, 25; 45.29, 33; 46.15; 47.9, 21, 31; 49.13; 52.7; 55.7, 23, 49; 56.7; 58.15; 63.5, 19; 65.5; 66.10; 67.3, 11; 74.7, 19; 75.5, 13, 21; 79.13, 14; 85.17; 93.85; 94.3, 5; 97.1; 99.8; 100.3, 15; 105.4; 113.21; 120.6; 121.5; 123.3, 15; PA 3.3; 8.7; 19.1, 5; 20.5; 23.5. E tamén acontece o mesmo n'Os *Eoas*, documentándose en 3.5, 8.5, 9.3, 11.1, 16.1, 18.1, 19.1, 30.1, 31.1, 33.5, 41.1, 43.5 e 8, 53.8, 55.5, 56.5, 59.1, 63.1, 67.3, 70.1, 72.1, 74.1, 78.7, 80.7, 85.1, 93.1, 96.5, 100.8, 102.1, 103.5, 104.1, 105.1, 106.7, 117.3, 118.1, 120.5, 122.1, 123.5 etc. etc.

Por outra banda, máis unha vez, as primeiras documentacións impresas, así como as elaboracións manuscritas, testemuñan que a aparición do adverbio *só* (e *soo* ou *soio*) da inmensa maioría das versións modernas é unha alteración do inicial *sós*, con función adxectiva, que, ademais, impide a sinalefa que non sería posíbel na contaxe métrica do verso.

79 Coa única excepción de PM 6.15, por ser un texto temperán.

Alén das probas documentais nas redaccións manuscritas do Himno, a forma plural *sós* está documentada na poesía pondaliana: *Os Casás están ben sós, / sempre calados están, / e tan sós que o seu silencio /...* (QP 25.27-29), *estes lugares qu'agora / mui sós e tristes están* (QP 26.42); *era noite, sós os pinos / de Morás* (QP 32.7).

É certo que na obra do bardo de Bergantiños é moito máis frecuente o uso do adv. *só/soo* (con conservación da duplicidade vocálica antiga, semellante á de *bo/boo*, *nó/noo* e *avoos*); mais a utilización do adxectivo *sós* nese verso, para alén de impedir a sinalefa, confire un valor intensificador que fica anulado coa aparición do adverbio.

Finalmente, nas edicións modernas unha forma pseudogalega como *ñorantes*, incorrecta desde o punto de vista lingüístico, que o poeta xamais utiliza en lugar do correcto *ignorantes*, documentado, ademais, en diversas pasaxes da súa obra: *escuros ignorantes / da luz deste divino* (QP 81.81); *e aínda fui de cindo / qu'era ignorante e ignava* (PM 61.28); *ignorante das leis da natureza* (PM 105.12); *Neste signo libertados / Serán da terra os pobos qu'ignorantes / Están da fe...* (E 226.6); *Que lle demostran ben cuanto os tremantes {A. ignorantes} / Da sua fortaleza son distantes* (E 277,5c).

22. A insólita forma *féridos* (suposto cualificativo derivado de *fero*) que se difundiu nas modernas edicións do Himno sería posible pola tendencia pondaliana á construción de adxectivos derivados doutros adxectivos por medio do sufixo-*ido* (cf. *mólido*, formado sobre *mol*, e *pátrido*, sobre *patrio*), coherente coa importante presenza de cultismos de orixe latina con este mesmo sufixo na poesía pondaliana (cf. *cándido*, *férvido*, *frígido*, *grávido*, *prácido* etc.). No entanto, a lección correcta e indubitábel é *férridos* (construída a partir de *ferro* ou *férreo*), constituíndo *féridos* (o mesmo que *chan* por *clan*) unha innovación deturpadora do texto, atribuíbel ao proceso de transmisión do texto, copiado acrítica e sistematicamente a partir da súa publicación.

Este adxectivo aparece noutras pasaxes da poesía pondaliana (e tamén pode confirmarse nas redaccións manuscritas): *con*

férridas ansias (PI 5.34); *da polvorenta e férrida Castilla* (PM 63.4 e 26). Neste sentido, é ben significativa a alternativa de redacción que aparece nunha versión manuscrita d'Os *Eoas* (4,25e), en que o par *férreos/férridos* cualifica a *acentos*: *Ti uns robustos, uns ferreos* {A. **férridos**} *acentos, / M'inspira, mais q'en fogo escandescidos*.

23. Para a correcta interpretación do poema, convén notar que o lat. *IMBECILLEM* significaba 'extremadamente débil' no sentido físico, e só tardiamente se comezou a aplicar nas linguas romances á debilidade de espírito e moito máis recentemente adquiriu o sentido de 'parvo'. Moi probabelmente, neste contexto *imbéciles* é sinónimo de *brandos* ou *molentes*⁸⁰, adxectivos que aparecen múltiples veces en construcións binarias na poesía pondaliana (vid. PA 4.14, 6.7), para alén de compartiren o campo semántico con *preguizosos*, opción lexical da primeira versión enviada por Pondal a Pascual Veiga. Cf. aínda outros pares sinonímicos con *escuros*, como *ignaros e escuros*, QP 78.12; *rudos e escuros*, PM 55.5; *escuros e ferrentos*, E 175.5 etc.

24. Neste verso podería levantarse un problema interpretativo a partir do orixinal *no-nos* (e despois *no-nos, non-os, n-o nos, non'os...*), que corresponde ao *usus scribendi* do poeta para o encontro do adverbio *non* co pronome O.D. *o(s)/a(s)*, porque, en principio, a grafía *non* é absolutamente determinante para a interpretación dunha secuencia foneticamente homófona, que permitiría unha dupla lectura: 'os ignorantes e férridos e duros... non os entenden' [a nosa voz e o noso rouco son] vs. 'os ignorantes e férridos e duros... non nos entenden' [a nós, os rumorosos].

Porén, o testemuño das redaccións manuscritas confirma que a versión tradicional é a correcta, pois o pronome plural *os* representa "a nosa voz" (v. 18) e mais "o noso rouco son" (v. 20), como mostra que, repetidamente, no último estrato redaccional apareza para este verso *Non'o comprehendem, non*, coa va-

⁸⁰ Ademais doutros adxectivos deste mesmo campo semántico, como *flébil* ou *imbele*.

riación *Eses n'ò comprenden, non*, referíndose ao “rouco son” anterior; o mesmo acontece coas correccións á primeira versión enviada a Pascual Veiga, en que o verso tamén aparece como *Eses n'ò entenden, non* e mais *No-no comprenden, non*, sempre referíndose ao “rouco son”. É obvio, pois, que Eduardo Pondal utilizou na versión definitiva o pronome en plural para marcar a dupla referencia á “voz” e ao “son”, sendo aínda posíbel que tamén aludise aos “bos e xenerosos”.

27. Neste verso, seguramente debemos considerar a partícula *que* como conxunción consecutiva, aínda que cabe a posibilidade de a interpretar como un relativo en que foi eliminada a preposición *en* precedente, como acontece nalgúns ocasións na lingua pondaliana. Así, téñase en conta unha construción moi semellante en PI 49: *Cal é a noite en qu'ò ánimo turbado / non é de negras furias desgarrado, / que o corazón de sangue non s'escoa...?* (vv. 2-4).

29. En xeral, o castelanismo *donde* é utilizada polo poeta en contextos condicionados metricamente (polo xeral na secuencia *en donde*). A aparición de *donde* como concorrente de *onde* é, pois, minoritaria, podéndose documentar só en QP 12.4, 21.10, 14 e 29 e mais en PM 81.16, 87.42 e 97.3. De todos os xeitos, n'Os *Eoas* o castelanismo é moito máis frecuente do que na lírica, aparecendo a forma galega só en 29.3 e 7, 40.4, 58.3, 61.5, 93.7, 111.6, 131.5, 134.8, 149.5, 155.7, 273.6.

31. Nótese a presenza do sufixo *-zón* en *redenzón*, fronte a *redención* en PI 44.12; PM 26.40 e 55.2. De todos os xeitos, a aparición de *-zón* na lírica pondaliana limitase, para alén dos casos consolidados historicamente (*corazón, virazón* etc.), aos vocábulos *lunazón* (QP 11.12), *canzón* (QP 19.15; PI 54.14; mais *canción* en QP 73.16), *nazón* (vid. v. 32, *infra*, e PM 85.36; mais *nación* en PI 12.12; PM 29.21), *gerazón* (PI 61.10), *partizón* (PM 26.2)⁸¹. N'Os *Eoas*, a presenza de *-zón* continúa a ser levemente

81 De todos os xeitos, a nómina de formas co sufixo patrimonial aumenta se considerarmos outros vocábulos que aparecen en elaboracións manuscritas (cf., por exem-

inferior á solución *-ción*: *criazón* (87.7), *nazón* (278.6), *redenzón* (219.5 e 224.2), *tribulazón* (128.4) e *vegetazón* (271.7), ademais de *turbazón* no título da sección 12^a, fronte a *ambición* (85.6), *condición* (85.8, 243.2), *decepción* (162.5), *inspiración* (14.7), *resolución* (34.2) e *rotación* (99.5, 171.1). No entanto, considerando todos os materiais eicos finais conxuntamente, aínda se documentan outras formas co resultado tradicional: *abnegazón*, *adorazón*, *contenzón*, *devoazón*, *inspirazón*, *interrogazón*, *mandazón*, *navegazón*, *recordazón*, *revelazón*, *vacilazón*.

41. A substitución de *serva* por *nobre* (que documentamos, como xa foi exposto, nas edicións do Himno por primeira vez en 1909) constitúe a única innovación que acolleemos no texto do poema a partir da súa publicación no Prospecto do Certame Musical de 1890.

Eduardo Pondal sempre vacilou na súa poesía entre a adxectivación positiva de Portugal (acorde co seu ideario poético-político) e a cualificación negativa (para xustificar poeticamente a misión galega de redención do Alén-Miño (cf. *quebrantemos da serva Lusitania / tamén os duros e oprobiosos ferros!*, QP 75.23-24, 35-36). Neste sentido, é significativo que neste poema de *Queixumes* (1886) *serva* substitúa un anterior *boa* da primeira edición da composición en 1885, adxectivo que reaparece nunha das correccións efectuadas sobre a primeira versión d'*Os Pinos* (vid. *supra*) e, finalmente, nun poema publicado en febreiro de 1902 (*da boa Lusitania fono os feitos*, PI 35.12).

Tendo, pois, en conta as restantes documentacións, consideramos que o cambio de adxectivación de Lusitania neste verso foi realizada polo poeta, á vista da información que nos proporciona a carta que, en 1910, envía Fontenla a Pondal desde a Habana (vid. *supra*). A alusión do ilustre emigrante á “delicada atención que me ha dispensado, máisime cuando no tengo otros méritos para merecerla que el ser un sincero admirador de sus versos varoniles, saturados siempre de un sabor netamente regional” debe referirse ao envío do texto d'*Os Pinos*, seguramente impreso, por-

plo, *peregrinazón* no fragm. 4 de PM 37, ou *destruíción* na redacción diverxente de PM 117).

que máis adiante aínda Fontenla lle solicita unha copia manuscrita: “Si usted atiende mi ruego deseo me mande la poesía *Os Pinos* completa y escrita de su puño y letra con el fin de guardarla como se guarda una reliquia, y que acompañe al manuscrito de la música de Veiga, que conservo en mi poder”.

Pero a negativa do difusor do Himno a eliminar a estrofa (“verso”) VI (“Le remito la música del Himno, acompañada de su orijinalísima poesía *Os Pinos*; como usted verá, no quise suprimir el verso que empieza *A noble Lusitania*, porque entiendo que sufría el conjunto de la poesía”) confirma que o cambio estaba xa feito, tanto se Pondal lle enviou un texto impreso, como se lle fixo a petición de eliminación a través de Peinó.

Na realidade, a permanente vacilación do poeta entre *boa e serva*, coa decisión última en favor de *nobre* pode responder a feitos históricos que se desenvolveron antes de 1890 e que tiveron nos comezos deste ano (momento da escrita do poema) o seu desenlace. No inicio de 1890 (difundido en España polos xornais a partir do 14 de xaneiro), prodúcese o “ultimato” de Inglaterra a Portugal, clímax final na longa disputa que viñan sostenendo pola posesión de territorios africanos, feito que provoca a indignación popular portuguesa, así como a solidariedade de amplos sectores da Galiza e de España co país veciño. Neste sentido, existe constancia do apoio a Portugal de sectores da poboación galega: celebráronse reunións de estudantes en Santiago e na Coruña a finais do mes de xaneiro como apoio activo á causa portuguesa⁸², mentres que na prensa era constante desde había tempo a aparición de comentarios negativos, cos conseguintes adxectivos pexorativos (“sierva”, entre outros) atribuídos a Portugal. Foron estes acontecementos os que talvez provocaron a reacción do poeta, mudando o inicial adxectivo *serva* en *nobre*.

41-44. A grafía do texto de 1890 permitiría interpretar a contracción inicial *ã* como artigo, o que levaría consigo a consideración de *tende* como P3 de presente de indicativo, mudando o sentido destes versos. Mais a nosa interpretación baséase na

82 Vid. P. Vázquez Cuesta, *A Espanba ante o “Ultimatum”*, Lisboa, Livros Horizonte, 1975.

existencia de redaccións previas que presentan *tende* como imperativo, coherente con *cumpre*, tamén imperativo, no v. 45.

52. Como é habitual en Pondal, neste verso aparecen dous antropónimos xerados a partir de realidades toponómicas, procedemento que lle permitiu ao bardo bergantiñán a creación dunha mitoloxía poética galega⁸³. Así, Ousinde (existente na antroponimia galega como apelido, xa utilizado anteriormente polo poeta: *a garrida Ousinde*, QP 36.11) seguramente foi construído a partir do topónimo Ousende, lugar da parroquia de Bribes, no concello de Cambre, dentro da xeografía pondaliana.

Canto a Froxán, nome dun lugar da parroquia de San Adrián de Corme (vid., por exemplo, QP 30.78 e 128), aparece agora tamén transformado nun antropónimo masculino.

53. Unha vez máis, un erro de transmisión do texto difundido en case todas as edicións a partir da versión publicada na Habana pola revista *Galicia* en 1905 (*e aló nos seus garridos > que aló nos seus garridos*) imposibilitaba a comprensión desta estrofa. É ben significativa esta nota de Amado Ricón Virulegio:

A pesar de haber manejado los originales de Pondal por mucho tiempo y haber estudiado su poesía detenidamente, debo confesar que jamás me había dado cuenta de la falta de sentido de la segunda parte de esta estrofa. En ella falta algo o sobra, por lo que propondría se revisara la copia original para sacarnos de dudas. De otro modo, sugeriría que el penúltimo verso se leyese: “Pechan os albos peitos”, de cuya forma se entendería perfectamente el significado⁸⁴.

83 Respondendo á idea de que os topónimos recibiron historicamente a súa denominación a partir da existencia real (do punto de vista poético) e enterramento dunha personaxe nese lugar. Cf. os seguintes versos de *Queixumes: E Margaride, antr'as uces, / erguida tumba lle dá, / a modo dos nobres celtas, / cunbas antes por sinal / para que fosen memoria / doce da futura edá. / Desde entonces, oub Maroñas!, / de Xallas probe lugar, / tomache o nome garrido / da valente sin rival, / pois no teu escuro eido / Maroñas descansa en paz* (QP 41.97-108).

84 Cf. *Estética poética de Eduardo Pondal*, Sada-A Coruña, Edicións do Castro, 1985, p. 105.

57. Na poesía pondaliana só se rexistra a forma *insinar* (e *insinanza*). Vid. QP 51.57, 81.91; PI 15.28; PM 30.7, 62.51.

67. A maioría das edicións modernas presentan este verso deturpado coa introdución dun espurio *calquer* no canto do orixinal *cal quen*. A difusión do erro parte da edición do texto feita polos *Apuntes* de 1909 (reinterpretando os erros anteriores *cal quer* –1905– e *calquen* –1907–), que pasa a todas as edicións posteriores e impide a comprensión do verso (e da estrofa), que resulta transparente coa lección orixinal.

O TEXTO DO HIMNO GALEGO

TEXTO OFICIAL E TEXTO REAL

Como estamos a ver, desde que en 1890 o texto do poema *Os Pinos* foi publicado no Prospecto do Certame Musical celebrado na Coruña a fin de consagrar un Himno para a nación galega, a súa difusión foi condicionada polas especiais condicións de expansión inicial na prensa cubana, xa que é no Centro Galego da Habana de onde parte a consolidación dos primeiros trinta e dous versos do poema de Eduardo Pondal como Himno Galego. E estas deturpacións, a falta dunha análise criteriosa e rigorosa das fontes, condicionaron o texto do Himno aprobado na Lei de Símbolos, de 29 de maio de 1984⁸⁵:

- ¿Que din os rumorosos
 na costa verdecente,
 ao raio transparente
 do prácido luar?
- 5 ¿Que din as altas copas
 de escuro arume arpado
 co seu ben compasado
 monótono fungar?

- Do teu verdor cinguido
- 10 e de benignos astros,
 confín dos verdes castros
 e valeroso chan,
 non des a esquecemento
 da inxuria o rudo encono;
- 15 desperta do teu sono
 fogar de Breogán.

 Os bos e xenerosos
 a nosa voz entenden

85 Vid. *Diario Oficial de Galicia*, nº 120, 23-6-1984.

- e con arroubo atenden
20 o noso ronco son,
mais só os ñorantes
e féridos e duros,
imbéciles e escuros
non os entenden, non.
- 25 Os tempos son chegados
dos bardos das edades
que as vosas vaguedades
cumprido fin terán;
pois, donde quer, xigante
30 a nosa voz pregoa
a redenzón da boa
nazón de Breogán.

Fronte a esta versión, a análise da transmisión encadeada dos erros e mais todas as probas documentais (manuscritas e impresas) obrígnanos a confirmar a publicación inicial do poema *Os Pinos* no Prospecto do Certame Musical de 1890 como texto verdadeiro e real do Himno composto por Eduardo Pondal, cunhas características lingüísticas e lexicais que poden ser documentadas e lexitimadas pola restante produción pondaliana, así como polas numerosas redaccións manuscritas previas do Himno conservadas na Real Academia Galega, que corroboran aquela publicación.

A versión oficial do Himno evidencia, pois, algúns problemas referidos á presentación formal do texto, xa que consagra a eliminación dos puntos suspensivos nas dúas preguntas iniciais, ao tempo que presenta unha puntuación altamente defectuosa, especialmente nos vv. 7-8 (en que non usa vírgula entre os dous adxectivos) e mais nos vv. 15-16, sen vírgula no vocativo. De todos os xeitos, aínda é máis transcendente a eliminación de calquera indicación de que o texto hímnico é un diálogo, isto é, unha pregunta aos “rumorosos” e a correspondente resposta, de modo que se condiciona a interpretación semántico-literaria⁸⁶.

86 Isto pode explicar o problema cos posesivos que se manifestou historicamente na edición de 1909 e en moitas das versións “populares” actuais.

No que respecta a cuestións gráfico-fonéticas e fono-morfolóxicas, se se quixer respectar escrupulosamente o texto pondaliano orixinal, deberase conservar *ó* e *transparente* no v. 3, así como manter *cinxido* (v. 9) e a forma *mas* (v. 21) da conxunción adversativa. E no referente ao ámbito semántico-lexical, inevitabelmente haberá que restaurar as reais formas *clan* (v. 12), *sós* (v. 21) e *férridos* (v. 22), así como manter *rouco* (v. 20) e *ignorantes* (v. 21) do texto orixinal:

- Que din os rumorosos,
na costa verdecente,
ó raio **transparente**
do prácido luar...?
- 5 Que din as altas copas
de escuro arume harpado
co seu ben compasado,
monótono fungar...?
- “Do teu verdor **cinxido**
10 e de benignos astros,
confín dos verdes castros,
e valeroso **clan**,
non des a esquecemento
da inxuria o rudo encono:
15 desperta do teu sono,
fogar de Breogán.
- Os bos e xenerosos
a nosa voz entenden,
e con arroubo atenden
20 o noso **rouco** son;
mas sós os **ignorantes**
e **férridos** e duros,
imbéciles e escuros,
non os entenden, non.
- 25 Os tempos son chegados
dos bardos das edades,

que as vosas vaguedades
 cumprido fin terán,
 pois donde quer, xigante,
 30 a nosa voz pregoa
 a redenzón da boa
 nazón de Breogán”.

Este é, pois, o texto do Himno Galego tal como foi concibido, publicado e difundido inicialmente a través do prospecto do Certame Musical de 1890. Ideolóxica e literariamente, o Himno é unha síntese da lírica pondaliana, con presenza de todos os elementos constitutivos do seu universo poético, é un poema que exhorta á necesaria redención dun pobo opreso no presente, que precisa recoñecerse na súa paisaxe, na súa historia heroica e na esperanza dun futuro digno daquel glorioso pasado.

Como tal texto literario, de alta calidade artística, cómpre lelo e interpretalo. O elemento metaforizado, os piñeiros (os “rumorosos”), presente no título do poema e mais no seu primeiro verso, é interrogado polo poeta para descubrir a súa mensaxe. O poema comeza, por tanto, cunha pregunta. A escenografía inicial presenta a terra (a través dos “rumorosos”), o mar (a “costa verdecente”), a música natural (o “arume harpado”) e o firmamento (o “prácido luar”), elementos escollidos porque son identificadores da Galiza, como as rochas, os monumentos megalíticos ou a grandiosa paisaxe de Bergantiños e da Costa da Morte, a xeografía nativa e literaria de Eduardo Pondal: representan, por tanto, o elemento telúrico inconmutábel e imprescindíbel para a resurrección e redención pretendida. A partir desta estrofa inicial, nas restantes até o final do Himno (e do poema completo) aparece a resposta dos piñeiros á pregunta formulada na primeira.

Cal é, pois, a mensaxe dos piñeiros e mais da natureza acompañante? Na segunda estrofa, os piñeiros diríxense directamente á nación galega, ao “fogar de Breogán”⁸⁷. A invocación

87 A historia de Breogán aparece no *Leabar Gabala*, antigo poema irlandés (*Lebor Gabála Éirenn*) sobre as míticas invasións desde Galiza, coñecido por Murguía e Pondal a través dunha tradución francesa.

ao colectivo, á nación, asenta nun pasado heroico de resonancias célticas (“verdes castros”, “valeroso clan”), nun tempo en que, nesta concepción mítico-poética, os galegos naceron á historia nos “célticos eidos” en combate co “duro romano” (PI 1.37; PM 5.3, 20.12, 44.22, 83.32). A mensaxe actualizadora, como imperativo categórico (“desperta do teu sono”), está explicitada na utilización de un dos referentes máis recorrentes da poesía decimonónica e, nomeadamente, da pondaliana: os galegos, para despertaren do sono secular, precisan ter presente o “rudo encono” da inxuria sufrida historicamente (cf. *decide comigo, / injuriados e rudos gallegos, / decide conmigo: / “Ou bonra... ou ferro!”*, PM 62.19-22 e 35-38)⁸⁸.

Após afirmar, na terceira estrofa, a existencia de que os galegos “bos e xenerosos” entenden a mensaxe redentora (“a nosa voz” e “o noso rouco son”), face os “ignorantes, e férridos e duros, imbéciles e escuros”, xordos á voz da Terra, a exhortación final aparece na cuarta estrofa, porque, por fin, xa “son chegados” os tempos dos célticos bardos e, por conseguinte, a redención da “nazón de Breogán”: é o tempo de actuar, a voz colectiva da nación proclama en toda Galiza a necesidade da acción para esa redención⁸⁹.

Até aquí, o texto que integra real e institucionalmente a letra do Himno. As restantes estrofas d’*Os Pinos* constitúen unha intensificación argumental e retórica que se vai desenvolvendo ao longo de cinco estrofas máis até chegar á derradeira cun apelo final: o son dos piñeiros convoca o son das armas, abandonando todo “vil xemido brando”.

88 A *inxuria* refírese, sen dúbida, ao conxunto de prexuízos e descualificacións contra Galiza e os galegos que, desde os Séculos Escuros, se manifestou en España. Os nosos intelectuais, desde o Cura de Fruíme ou o Padre Sarmiento, e, obviamente, todos os persoeiros do galeguismo decimonónico denunciaron decote o ambiente xenófobo e racista contra o noso país. Neste sentido, na obra de Pondal existen numerosos poemas en que, no ronsel de Rosalía, denuncian e combaten esa campaña antigalega (vid. especialmente PM 21, PM 22 e PM 23).

89 Lémbrese que no ano de escrita do texto, estaban a darse os pasos teóricos e prácticos para o proxecto de redención nacional a través da publicación de obras sobre o rexionalismo (Brañas e Murguía), así como a creación da ‘Asociación Regionalista’, concreción organizativa –despois fracasada– do movemento protonacionalista galego.

En resumo, trátase dun poema dialóxico (pregunta vs. resposta) e dicotómico, construído a base de dualidades e oposicións: bos e xenerosos vs. férridos e duros, masculino vs. feminino, xemido vs. armas...; e, ao mesmo tempo, é un poema inscrito no celtismo, na procura dunhas bases históricas poético-míticas en que asentar a renacementa da nación galega. Renacementa poetizada a través dun tempo e dunha épica nacional (celtas vs. romanos = Galiza vs. Castela): os celtas, os primeiros galegos, son o símbolo preclaro da autonomía da patria, dun tempo en que ela se ergueu libre e soberana, antes da conquista, da derrota e da rendición. Esta é a funcionalidade principal do celtismo no Himno e no conxunto da lírica pondaliana, que Murguía e outros autores desenvolverían en prosa histórica e que vertebra un poema cargado de proxección patriótica, convertido desde 1890 no Himno nacional galego.

A ACTUALIZACIÓN DO TEXTO DO HIMNO

Como vimos, o actual texto oficial do Himno Galego é produto dun proceso de acumulación acrítica de erros que foron acollidos e aumentados na edición académica de 1935 que funcionou como verdadeira vulgata, condicionando a difusión contemporánea dos textos pondalianos a través da edición de Álvarez Blázquez e, posteriormente, de Xavier Senín. É, precisamente, función da filoloxía e da crítica textual, hoxe como antano na filoloxía bíblica e clásica, “reconstruír o sistema lingüístico e cultural de cada nación” e “manter a palabra orixinal dun autor”⁹⁰. E os feitos demostran que a vontade do poeta foi atraízoada na transmisión do texto máis emblemático da súa produción, na medida en que eses versos nos representan a todos os galegos.

Neste sentido, na nosa opinión, a rehabilitación dos sinais de identidade do pobo galego ten de incluír necesariamente a restauración da verdadeira e certa letra do noso Himno, un dos símbolos que nos identifican colectivamente, tal como a Lei 5/84 de Símbolos de Galicia proclama. É por isto que a institucionalización dun texto restaurado, filoloxicamente rigoroso, do

90 Cf. A. Blecua, *Manual de Crítica Textual*, Madrid, Castalia, 1983, p. 10.

Himno Galego é aínda unha tarefa pendente, que os intentos de 1996 e 2002 no Parlamento Galego non resolveron definitivamente.

De todo o exposto, poderíase deducir que defendemos a petrificación do texto pondaliano de 1890. Non é así. Non propomos un respecto sacralizado ao texto pondaliano, porque non se trata de practicar arqueoloxía filolóxico-literaria, senón respecto integral á creación pondaliana, que non é incompatible cunha axeitada, e definitiva, actualización.

En primeiro lugar, na adecuación do texto do Himno Galego aos nosos tempos e para a súa correcta presentación, dado que os versos que constitúen o Himno son un diálogo, isto é, os vv. 1-8 son unha pregunta que os “rumorosos” responden nos vv. 9-32, estes últimos deben ir entre aspas (“...”), ou, polo contrario, deberán ser utilizados os trazos do diálogo no comezo dos vv. 1 e 9, respectivamente.

Obviamente, pola evolución gráfica experimentada polo galego na época contemporánea, o texto orixinal de Eduardo Pondal, ademais, debe ser actualizado no que fai referencia a cuestións gráfico-formais que son produto da época en que o texto foi xerado: puntuación, acentuación e uso do trazo (*nonos* > *non os*), nivelación do uso de <h> e <y> e mais de <x> substituindo ás grafías arcaicas <j, g+e, i> (*rayo* > *raio*; *cingido* > *cinxido*; *injuria* > *inxuria*; *generosos* > *xenerosos*; *gigante* > *xigante*). Así mesmo, é lóxico que se prescindira das elisións vocálicas que eran tan frecuentes no século XIX (*d'escuro* > *de escuro*; *q'as* > *que as*), o mesmo que se debe grafar *bos* en lugar do *boos* orixinal, forma histórica antiga que sempre conta como unha sílaba na poesía de Pondal.

Mais o proceso de actualización do texto do Himno Galego aínda podería ir máis aló. O Himno é algo máis do que un texto literario, máis do que un poema ou fragmento de poema: é a expresión cantada da nación; neste sentido, podería (e talvez debería) acomodarse á expresión moderna, non só na grafía, mais tamén a fonética (*transparente* > *transparente*, *prácido* >

91 Lémbrese a forma *transparente* rexistrada n'Os *Eoas* (vid. nota 68). Canto á alternancia *pl-/pr-*, Pondal mostra na súa obra certa tendencia ao tratamento semiculto

plácido)⁹¹ e, mesmo, a morfoloxía (*vaguedades* > *vaguidades*, *donde* > *onde*, *redenzón* > *redención*, *nazón* > *nación*)⁹², con solucións actuais que non contradirían as prácticas lingüísticas pondalianas.

deste grupo inicial, aínda que, en xeral, mantén o grupo latino en vocábulos de carácter erudito.

- 92 Como xa expuxemos, na súa produción, Pondal tamén vacila entre a utilización de *-zón* e de *-ción*, solución que é maioritaria (cf. *onde te-lo teu leito famoso / das **na**-cións tan querido / non te costuma empecer*. Por outra parte, a forma *onde* concorría co castelanismismo *donde*, moitas veces por condicionamentos métricos.

BIBLIOGRAFÍA CITADA

- ACADEMIA GALLEGA, *Queixumes dos Pinos (2ª edición) y Poesías inéditas de Eduardo Pondal*, La Coruña, Imp. Zinke Hermanos, 1935.
- ANÓNIMO, “Certame musical n-a Cruña”, *A Monteira*, Lugo, nº 35, 31-5-1890, pp. 277-278.
- “Certamen musical en La Coruña”, *El Eco de Galicia*, Habana, 5-7-1890, pp. 2-3.
- *Apuntes para la historia del Centro Gallego de La Habana de 1879 á 1909*, Habana, Imprenta “Avisador Comercial”, de Miranda, López Seña y C^a, 1909.
- “El himno regional de Galicia”, *Vida Gallega*, Vigo, nº 28, 30-11-1910.
- “Literaria. Himno a Galicia”, *Gaceta de Galicia*, Santiago de Compostela, 30-8-1916.
- “Ino a Galizia”, *Estudios Gallegos*, Madrid, nº 21, Noviembre 1916, p. 269.
- “Don Eduardo Pondal”, *Boletín de la Real Academia Gallega*, t. X, nº 116, 1-4-1917, pp. 201-210.
- “Eduardo Pondal. Os Pinos”, *A Nosa Terra*, nº 198, 1-3-1924.
- “O noso Hino”, *A Nosa Terra*, A Cruña, nº 240, 1º de Setembro de 1927, p. 7.
- *Escolma de poesías de Pondal*, Suplemento nº 22 de Nós, Setembro, 1930.
- “Himno Galego”, *Follas do Partido Galeguista de Bos Aires*, Nº 1, s.d.
- “Do noso bardo. Himno Galego”, *A Nosa Terra*, nº 341, 25-7-1934, p. 1.
- “Os Pinos” [Folla das Irmandades da Fala], Coruña, Imp. Valladares, [1935].
- “Himno Galego”, *Follas do Partido Galeguista*, Núm. 1, México, Xulio 1944.
- ARMESTO, Victoria, “José Fontenla y el himno gallego”, en *Los hijos cautivos de Breogán. El rastro de Castelao en América*, Sada-A Coruña, Ed. do Castro, 1986, pp. 126-132.
- BLECUA, Alberto, *Manual de Crítica Textual*, Madrid, Castalia, 1983.

- C[AMBA], F[rancisco], “El himno gallego”, *Vida Gallega*, vol. V, 30-1-1915.
- CASTRO del RÍO, Plácido P., “El himno gallego”, *Vida Gallega*, Vigo, nº 281, 25-7-1925.
- CORA, Xosé de / PARDO de NEYRA, Xulio, *Pascual Veiga*, Xunta de Galicia, 1996.
- CORA, José de, *Pascual Veiga*, Lugo, El Progreso, 2002.
- C[ORES] T[RASMONTÉ], B[aldomero], “Himno gallego”, en *Gran Enciclopedia Gallega*, vol. 17, pp. 122-126.
- *Los símbolos gallegos*, Santiago, 1986.
- DÍAZ, Juan Ramón, “El ‘himno gallego’ y sus autores”, *La Voz de Galicia*, 10-9-1971.
- FERREIRO, Manuel, *Pondal: do dandysmo á loucura (Biografía e correspondéncia)*, Santiago de Compostela, Laiovento, 1991.
- “A investigación sobre Pondal e o achamento d’Os Eoas. Memoria persoal dunha pesquisa”, *Grial*, nº 171, xullo-agosto-setembro, 2006, pp. 38-49.
- FILGUEIRA VALVERDE, Xosé, *Segundo Adral*, Sada/A Coruña, Ed. do Castro, 1981.
- *O Himno Galego. Da “Marcha do Reino de Galicia” a “Os Pinos” de Veiga e Pondal*, Caixa de Pontevedra, 1991.
- FRAGA, Xavier, “O Himno Galego”, *A Nosa Terra*, nº 210, 1º de Marzo 1925, p. 4.
- IGLESIAS VILARELLE, Josefa, *Método de lectura*, Seminario de Estudos Galegos. Publicacións Escolares, s.d.
- LENCE-SANTAR y GUITIÁN, E., “Pascual Veiga”, *Mondoñedo*, 1942.
- L[ÓPEZ]-A[CUNHA] L[ÓPEZ], F[ernando], “Veiga Iglesias, Pascual”, *Gran Enciclopedia Gallega*, vol. 30, pp. 9-11.
- MOURIÑO ESTÉVEZ, José [pseud. El Marqués de Sabuz], “La política del gallego y de los himnos galicianos”, en *De literatura galaica*. Volume encadernado por Cándido Valentín, Valladolid, s.d., pp. 207-215.

- NAYA, Juan, “El himno gallego. Notas para su historia”, *Galicia*. Revista del Centro Gallego de Buenos Aires, nº 58, Julio-Agosto, 1971, pp. 22-23.
- N[EIRA] V[ILAS], X[osé], “Fontenla Leal, José”, en *Gran Enciclopedia Gallega*, vol. 13, pp. 188-189.
- “Xénese e consolidación do Himno Galego”, Apéndice en *Crónicas galegas de América (Rolda Terceira)*, Sada-A Coruña, Ed. do Castro, 2001, pp. 325-383.
- ORFEÓN CORUÑÉS NÚMERO 4, *Certamen Musical*, Coruña, Tip. La Gutenberg, 1890.
- PARLAMENTO DE GALICIA, “Lei 5/1984, do 29 de maio, de símbolos de Galicia”, *Diario Oficial de Galicia*, nº 120, 23 de xuño de 1984.
- PONDAL, Eduardo, “Os Pinos”, *Galicia*. Órgano general de la colonia gallega y sociedades regionales en Cuba y defensor de los intereses gallegos en América, Habana, nº 18, 30-4-1905, p. 4.
- “Os Pinos”, *Galicia*. Órgano general de la colonia gallega y sociedades regionales en Cuba y defensor de los intereses gallegos en América, Habana, nº 31, 4-8-1907, p. 4.
- *Novos poemas*. Limiar, transcrición e notas de Amado RICOÓN, Vigo, Galaxia, 1970.
- *Queixumes dos pinos e outros poemas*. [Ed. de Xosé M^a. ÁLVAREZ BLÁZQUEZ], Vigo, Castrelos, 1970.
- *Queixumes dos pinos e outros poemas*. Ed. ó coidado de Xavier SENÍN, Vigo, Galaxia, 1985.
- *Poesía Galega Completa*. Vol. I. *Queixumes dos pinos*. Edición de Manuel FERREIRO, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco, 1995.
- *Poesía Galega Completa*. Vol. II. *Poemas Impresos*. Edición de Manuel FERREIRO, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco, 2001.
- *Poesía Galega Completa*. Vol. III. *Poemas Manuscritos*. Edición de Manuel FERREIRO, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco, 2002.

- *Poesía Galega Completa*. Vol. IV. *Os Eoas*. Edición de Manuel FERREIRO, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco, 2005.
- PORTELA PÉREZ, Francisco, “El himno gallego”, *Acción Gallega*, Buenos Aires, nº 52, Febreiro 1925.
- “El himno gallego”, *Vida Gallega*, Vigo, nº 271, 5-3-1925.
- RICÓN, Amado, “Origen y sentido del himno gallego”, *Boletín de la Real Academia Gallega*, La Coruña, nº 356, diciembre de 1974, pp. 47-66.
- *Estética poética de Eduardo Pondal*, Sada-A Coruña, Edicións do Castro, 1985.
- RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Eladio, “Don José Fontenla Leal”, *Boletín de la Real Academia Gallega*, Coruña, nº 136, 1º de Agosto de 1920, pp. 171-172.
- SALINAS RODRÍGUEZ, Galo, “El himno de Galicia”, *Vida Gallega*, Vigo, nº 276, 15-5-1925.
- SOCIEDADE NAZONALISTA PONDAL, *Escolma de poesías de Edoardo Pondal. Lembranza e homaxe no centenario do nacemento do poeta*, Bos Aires, Fevreiro 6 do 1935.
- ULTREYA, *Os nosos cantos*, Pontevedra, 1932.
- VARELA SILVARI, José María, “El himno gallego”, *Vida Gallega*, Vigo, nº 272, 20-3-1925.
- VÁSQUEZ CUESTA, Pilar, *A Espanha ante o “Ultimatum”*, Lisboa, Livros Horizonte, 1975.

ÍNDICE

Limiar	7
NA PROCURA DUN HIMNO NACIONAL GALEGO	11
A XÉNESE D'OS <i>PINOS</i> COMO HIMNO GALEGO (HISTORIA DO TEXTO)	13
<i>A procura do texto</i>	13
<i>Un intento fracasado?</i>	15
<i>As redaccións previas</i>	17
O primeiro estrato.....	17
O segundo estrato.....	28
O terceiro estrato	34
O último estrato	43
<i>A primeira versión</i>	47
<i>As modificacións rítmicas e textuais</i>	52
<i>O texto final do Certame</i>	59
<i>Xosé Fontenla Leal e a consolidación do Himno</i>	64
A DERIVA TEXTUAL D'OS <i>PINOS</i>	73
RECUPERANDO O TEXTO (ACTUALIZADO) D'OS <i>PINOS</i>	81
<i>O texto d'Os Pinos</i>	81
<i>Notas ao texto</i>	85
O TEXTO DO HIMNO GALEGO	99
<i>Texto oficial e texto real</i>	99
<i>A actualización do texto do Himno</i>	104
BIBLIOGRAFÍA CITADA.....	107

*20 de decembro de 2007,
no centenario do Himno Galego.*

